


Orzamentos **2009**

SOCIEDADES E FUNDACIÓNS PÚBLICAS (II)
Sociedades Mercantís e
Fundacións Públicas



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE ECONOMÍA
E FACENDA

SOCIEDADES E FUNDACIÓNS PÚBLICAS (II)

Sociedades Mercantís e Fundacións Públicas



Índice

SOCIEDADES MERCANTÍLS

Presidencia da Xunta de Galicia. Secretaría Xeral de Comunicación

Redes de Telecomunicación Galegas, RETEGAL, S.A. _____ 9

Consellería de Economía e Facenda

Centro Europeo de Empresas e Innovación de Galicia, S.A. _____ 33

Xes Galicia S.G.E.C.R., S.A. _____ 55

Sodiga Galicia, S.C.R., S.A. _____ 65

Sociedade Pública de Investimentos de Galicia _____ 75

Autoestrada Alto de Santo Domingo-Ourense, S.A. _____ 95

Consellería de Innovación e Industria

Sociedade Anónima de Xestión do Plan Xacobeo _____ 109

Sociedade de Imaxe e Promoción Turística de Galicia _____ 119

Sociedade Anónima de Xestión do Centro de Supercomputación de Galicia _____ 137

Galicia Calidade, S.A. _____ 145

Consellería de Medio Rural

Sociedade Anónima para o Desenvolvemento Comarcal de Galicia _____ 155

Xenética Fontao, S.A. _____ 167

Empresa Pública de Servizos Agrarios Galegos, S.A. _____ 181

Sociedade Anónima Xestora Bantegal _____ 195

Consellería de Sanidade

Galaria Empresa Pública de Servizos Sanitarios, S.A. _____ 207

Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible

Sociedade Galega do Medioambiente, SOGAMA, S.A. _____ 225

Consellería de Vivenda e Solo

Xestur Coruña, S.A. _____ 245

Xestur Lugo, S.A. _____ 255

Xestur Ourense, S.A. _____ 265

Xestur Pontevedra, S.A. _____ 277



FUNDACIÓNS PÚBLICAS

Consellería de Cultura e Deporte

Fundación Cidade da Cultura _____ 289

Consellería de Sanidade

Instituto Galego de Oftalmoloxía _____ 301

Fundación Pública Escola Galega de Administración Sanitaria _____ 319

Fundación Pública Urgencia Sanitaria – 061 _____ 333

Fundación Pública Centro de Transfusión de Galicia _____ 349

Fundación Galega de Medicina Xenómica _____ 363



SOCIEDADES MERCANTÍS



Presidencia da Xunta de Galicia.
Secretaría Xeral de Comunicación

Redes de Telecomunicación Galegas, RETEGAL, S.A.

1 Formulación estratéxica 2009-2011

A formulación estratéxica de RETEGAL para o vindeiro período baséase en dous piares fundamentais, un de carácter interno e outro marcado polo contexto. Nomeadamente, en primeiro termo atopamos a misión da empresa, que ven determinada fundamentalmente polos seus estatutos sociais, que recollen o obxecto e os fins da súa actividade.

En segundo lugar, a contorna tecnolóxica, económica e social de Galicia – máxime nun período onde as políticas e os investimentos públicos oriéntanse claramente ao achegamento da Sociedade da Información a empresas e cidadáns – establece fortemente os eidos cara aos que RETEGAL debe encamiñar as súas estratexias na vindeira etapa como sociedade pública.

A mestura destes dous conxuntos de factores vén a definir os que se conforman como obxectivos estratéxicos de RETEGAL para o período 2009-2011, que se formulan, xunto co desenvolvemento dos puntos anteriormente tratados, nos parágrafos que integran este primeiro epígrafe.

1.1 Misión de RETEGAL

Os estatutos da sociedade anónima Redes de Telecomunicación Galegas RETEGAL, S.A., definen o obxecto e os fins da súa actividade. A partir desta definición, é posible formular a misión de RETEGAL do seguinte xeito

Realización da xestión das infraestruturas, sistemas e servizos de telecomunicacións de Galicia e elaboración de propostas, análises e estudos relacionados coas telecomunicacións que correspondan á Xunta de Galicia.

O mesmo artigo 2º dos estatutos sociais debulla polo miúdo as funcións a desenvolver por RETEGAL no marco da súa misión. Especificamente, e de cara a este PAIF, as seguintes son as que cobran especial relevancia para a definición dos obxectivos, tanto estratéxicos como operativos:

- No relativo á xestión de infraestruturas, sistemas e servizos de telecomunicacións:
 - O mantemento e xestión das infraestruturas e equipamentos da rede de transporte e difusión utilizadas pola Radio e Televisión de Galicia.
 - A implantación e posta en marcha de calquera tipo de redes e servizos de telecomunicacións.
 - Calquera actividade comercial ou industrial que estea directamente relacionada con estas funcións e coa explotación de redes e servizos de telecomunicacións.
- No relativo á elaboración de propostas, análises e estudos relacionados coas telecomunicacións que correspondan á Xunta de Galicia:
 - A elaboración de propostas de planificación de infraestruturas, sistemas e servizos de telecomunicacións.
 - O deseño de estratexias de futuro en relación coas telecomunicacións.

- A análise de viabilidade de proxectos que teñan relación coas telecomunicacións.
- O asesoramento técnico na toma de decisións pola Administración Galega en materia de telecomunicacións.

Estes elementos constitúen a compoñente interna para a definición da estratexia de RETEGAL para o vindeiro período e que, en conxunto cos factores de contorna que se desenvolven de seguido, veñen a motivar a definición dos obxectivos estratéxicos para o período 2009-2011.

1.2 A contorna tecnolóxica, económica e social

A contorna na que terá que levar a cabo a súa actividade RETEGAL nos próximos anos vén determinada polo claro enfoque das políticas transversais da Xunta de Galicia cara ao desenvolvemento da Sociedade da Información, enfoque manifestado como principios fundamentais nos instrumentos directores da acción pública da administración galega, no marco de financiamento europeo 2007-2013.

Así, como non podería ser doutro xeito, os principios estratéxicos que dimanan dos devanditos instrumentos pasan a determinar a propia estratexia de RETEGAL. Cómpre, pois, repasar as bases que estipulan, comezando polo máis recente *Acordo pola Competitividade 2008-2011*, acordo que reforza, ao carón do Plan Estratéxico da Sociedade da Información que máis adiante se menciona, a importancia de universalizar as infraestruturas de telecomunicacións en Galicia, incidindo de xeito especial nas poboacións do medio rural e do litoral.

Aínda no máximo nivel de instrumentos políticos, con alcance económico e social, o *Marco Estratéxico de Converxencia Económica de Galicia 2007-2013* (MECEGA) e o *Programa Operativo FEDER Galicia 2007-2013* definen como obxectivo *estender e difundir as tecnoloxías da información, as comunicacións [...], garantindo a penetración no conxunto da sociedade e a dispoñibilidade de infraestruturas*.

Sobre esta necesidade de espallamento das infraestruturas e de achegamento da tecnoloxía a tódolos puntos do territorio galego incide así mesmo o *Plan de Reequilibrio Territorial de Galicia 2007-2010* (PRTG), que recolle como obxectivo xeral reforzar a *cohesión socio-territorial* de Galicia, a través das actuacións no territorio en *infraestruturas e equipamentos* e, especificamente, *impulsar o progreso acelerado da Galicia menos favorecida nos procesos de desenvolvemento da sociedade e a economía de coñecemento, superando a fenda dixital actual*.

Finalmente, o instrumento de planificación máis achegado ao ámbito de actividade de RETEGAL, o *Plan Estratéxico Galego da Sociedade da Información 2007-2010* (PEGSI), establece como obxectivo estratéxico *vertebrar territorial e socialmente Galicia a través da creación de condicións de acceso igualitario ás oportunidades derivadas da Sociedade da Información*, definindo unha estratexia operativa de Infraestruturas para a Sociedade da Información na que se menciona expresamente o sobranceiro papel de RETEGAL.

Esta absoluta prioridade de goberno no desenvolvemento da Sociedade da Información e, máis en concreto, no despregamento de infraestruturas no territorio é, obviamente, un ingrediente esencial na definición da estratexia de RETEGAL. Pero, nun ámbito xa máis cinguido ao que veu sendo nos últimos anos a actividade principal da sociedade, non se poden esquecer o proceso de despregamento dos servizos de difusión dixitais (televisión primeiro, xa en plena actividade e co apagamento analóxico na Fonsagrada aínda recente, e radio posteriormente) e o reordeamento do mapa audiovisual galego asociado ao mesmo. No

desenvolvemento desta nova realidade, RETEGAL, como operador público dos servizos de soporte (distribución e difusión do sinal), xoga un papel chave que debe permitir situar a Galicia á cabeza da penetración e cobertura da TDT¹.

Así, o propio PEGSI establece unha liña de actuación asociada ao desenvolvemento da TDT como elemento tractor da Sociedade da Información en Galicia, incidindo no despregamento das infraestruturas e dos servizos necesarios para dar soporte aos diferentes operadores, públicos e privados, que levan a cabo a súa actividade – en diferentes ámbitos de cobertura: local, autonómico e estatal – na comunidade autónoma.

Ademais, o *Plan Técnico Nacional de la Televisión Digital Terrestre* (regulado polo Real Decreto 944/2005, de 29 de xullo), determina o horizonte de cobertura do sinal de TDT cara ao ano 2010, fixándoo nun 98% da poboación en abril de dito ano. RETEGAL deberá facer o despregamento de rede e infraestrutura necesario para garantir dito nivel de cobertura aplicado á poboación galega.

E, finalmente, non debe esquecerse a función de RETEGAL como instrumento favorecedor – e garante, no seu caso – da implantación do servizo en toda a súa extensión, complementando a iniciativa privada, o que xa se ten amosado como esencial para acadar unha ampla cobertura no medio rural.

Hai un terceiro factor que engadir aos dous anteriores para rematar de definir o diagnóstico da situación que rodea á actividade de RETEGAL. Trátase do potencial de valor dos activos, técnicos e humanos, de RETEGAL, desde a equipa profesional até a granularidade da rede de emprazamentos espallada por todo o territorio galego, o que configura á empresa como un elemento esencial para contribuír aos propósitos xerais da política de telecomunicacións da Xunta de Galicia e, polo tanto, de desenvolvemento da Sociedade da Información no noso país. Así, RETEGAL está en condicións de participar activamente na expansión das redes e servizos de telecomunicación en igualdade de oportunidades, evitando ser en todo momento un elemento distorsionador das condicións de mercado, e favorecendo a implantación de servizos públicos e institucionais.

Os máis de cen emprazamentos operativos en toda a comunidade autónoma, as diferentes tecnoloxías operativas (radioligazóns PDH e SDH, comunicacións por fibra en contornas CWDM, distribución e difusión de sinais de TDT, infraestruturas móbiles, sistemas de monitorización centralizados...), a experiencia e coñecemento da equipa humana da entidade, a participación activa, cos axentes de investigación e empresariais galegos, en proxectos innovadores avanzados. Son todos elementos suficientes para que RETEGAL estea chamada a xogar o papel decisivo anteriormente referido.

¹ O 32,3% dos fogares galegos teñen acceso á TDT, segundo a segunda oleada de 2008 do Estudo Xeral de Medios (AIMC).

1.3 Os obxectivos estratéxicos de RETEGAL para o vindeiro trienio

A partir dos condicionantes descritos nos dous epígrafes precedentes, é posible formular os obxectivos estratéxicos de RETEGAL para o período 2009-2011 do seguinte xeito:

Código	Obxectivo estratéxico	Criterio de orzamentación
A	Dar respaldo ao despregamento de infraestruturas necesarias para garantir a prestación dos servizos de difusión dixital, especificamente a TDT, conforme aos compromisos de cobertura e calidade esixibles	e) Potenciar os investimentos en I+D+i e na Sociedade da Información e o coñecemento
B	Constituírse en instrumento de apoio para o desenvolvemento de políticas transversais da Xunta de Galicia en relación coa Sociedade da Información e o Coñecemento	e) Potenciar os investimentos en I+D+i e na Sociedade da Información e o coñecemento
C	Participar activamente na acción innovadora dos axentes públicos e privados de Galicia no eido das telecomunicacións	e) Potenciar os investimentos en I+D+i e na Sociedade da Información e o coñecemento

De seguido descríbese en detalle cada un dos tres obxectivos estratéxicos.

A. Infraestruturas e servizos difusión dixital

O obxectivo estratéxico “*dar respaldo ao despregamento de infraestruturas necesarias para garantir a prestación dos servizos de difusión dixital, especificamente a TDT, conforme aos compromisos de cobertura e calidade esixibles*” vén a dar cumprimento á misión de RETEGAL relativa á xestión das infraestruturas e equipamentos da rede de transporte e difusión utilizadas pola Radio e Televisión de Galicia. É máis, estende esta función ao conxunto de operadores públicos e privados que dispoñen de concesión para a prestación do servizo de TDT nalgún dos ámbitos xeográficos definidos para o mesmo na comunidade autónoma.

Supón, así mesmo, a resposta á prioridade da Xunta de Galicia, formulada no PEGSI, de *potenciar as infraestruturas de radio e televisión dixitais*, como alicerce para o despregamento da TDT. É esta considerada como unha oportunidade chave para o progreso da Sociedade da Información en Galicia e, nomeadamente, para o desenvolvemento económico do sector de produción de contidos audiovisuais e multimedia, sector emerxente que amosa un dos maiores índices de crecemento en Galicia.

Os reais decretos 944/2005 e 920/2006 determinan os niveis de cobertura do sinal – 93% da poboación a 31 de xullo de 2009 e 98% da poboación a 3 de abril de 2010 – mínimos esixibles para as emisións de TDT. Ditos niveis de cobertura están referidos á poboación total do Estado, o que, dado o escaso peso de Galicia no total de habitantes de España – aproximadamente un 6% –, supón un risco de niveis efectivos de cobertura no noso país claramente por baixo dos citados mínimos.

Nesta situación, RETEGAL asume como obxectivo propio dar cumprimento aos citados índices de cobertura tomando como referencia o total da poboación galega, polo tanto, aumentando nunha medida significativa a extensión do servizo. Deste xeito, ademais, RETEGAL prepárase para o apagamento analóxico previsto nos proxectos de transición que está a elaborar o

Ministerio de Industria, Comercio y Turismo. Ao longo de 2009 está previsto o apagamento analóxico para, polo menos, dúas áreas en Galicia: Ourense Este e Santiago.

En suma, con este esforzo inversor para o despregamento de infraestruturas, RETEGAL pretende converterse nun axente chave no novo ordeamento audiovisual de Galicia. Efectivamente, ao abeiro do outorgamento de concesións públicas e privadas para a explotación do servizo de TDT de ámbitos local (21 demarcacións locais) e autonómico (dous concesionarios privados, a engadir á CRTVG), un novo tecido empresarial está agromando, co impacto social, profesional e económico que isto supón. Nesta contorna, RETEGAL afrontará un dobre obxectivo:

- Complementar a oferta privada de servizos de distribución e difusión do sinal da TDT.
- Garantir, en tanto sociedade pública, a máxima cobertura do sinal de TDT, para que o achegamento deste servizo público sexa unha realidade que non se limite a meros criterios empresariais, senón a dar resposta á evidente demanda social existente.

Efectivamente, nunha contorna de competencia imperfecta, como é a dos servizos portadores da TDT, a existencia dun axente público con capacidade técnica axeitada é o modo de asegurar que tanto os operadores audiovisuais como os cidadáns disporán dos servizos requiridos para a extensión da TDT; no caso dos operadores, nunhas condicións económicas equilibradas. Isto deberá producirse sempre baixo a premisa de que a actuación do operador público non supoña unha distorsión das condicións de competencia efectiva que rexen nun mercado liberalizado senón, antes ao contrario, unha acción dinamizadora de dita competencia.

B. Instrumento para políticas de Sociedade da Información

A propia misión de RETEGAL, que supón que a empresa ten que xogar un papel activo na concepción de estratexias de futuro en relación coas telecomunicacións en Galicia e co desenvolvemento de redes e servizos avanzados ao abeiro destas, atópase como base deste obxectivo estratéxico formulado como *“constituírse en instrumento de apoio para o desenvolvemento de políticas transversais da Xunta de Galicia en relación coa Sociedade da Información e o Coñecemento”*.

Esta faceta ven a cobrar unha crucial importancia nun período no que a vontade política do goberno galego exprésase na prioridade outorgada nos programas operativos para o período de financiamento 2007-2013 á extensión das infraestruturas da Sociedade da Información e ao acceso dos cidadáns e as empresas ás TIC de xeito equilibrado en todo o territorio galego.

Así pois, RETEGAL fai seus os obxectivos definidos neste eido polos instrumentos de planificación de carácter transversal anteriormente referidos. Nomeadamente, RETEGAL asume o *Obxectivo Intermedio 7²*, así formulado no MECEGA: *“estender e difundir as tecnoloxías da información, as comunicacións [...] garantindo a penetración no conxunto da sociedade e a dispoñibilidade de infraestruturas”* e tamén recollido no Programa Operativo FEDER Galicia 2007-2013. Como resposta operativa a este obxectivo, o Programa Operativo define unha liña de actuación encamiñada á **“EXTENSIÓN DAS INFRAESTRUTURAS DA SOCIEDADE DA INFORMACIÓN, [...], XUNTO CO FOMENTO DO ACCESO DOS CIDADÁNS, AS EMPRESAS E A ADMINISTRACIÓN REXIONAL ÁS TECNOLOXÍAS DA INFORMACIÓN E A COMUNICACIÓN”**.

² Este obxectivo intermedio insírese no Obxectivo Final 2: *“Incrementar a competitividade do tecido produtivo galego a través do coñecemento e a innovación”*, que á súa vez responde ao Obxectivo Global *“converxer en termos de crecemento e emprego, grazas ao fomento dunha economía baseada no coñecemento”*.

Máis especificamente, o PEGSI recolle e asume como políticas necesarias por parte da Xunta de Galicia as directrices europeas para a extensión da accesibilidade universal á banda larga, moi especialmente no medio rural, tales como a Declaración de Riga sobre a e-inclusión ou a derivada do informe “Pechando a fenda da banda larga” da Comisión Europea³. Isto implica comprometer o obxectivo de cobertura da banda larga para o 90% da poboación no ano 2010, o que se reforza coa meta adicional de conectividade para tódolos núcleos de poboación con máis de 500 vivendas en 2009.

Baixo a premisa de que garantir a sustentabilidade a longo prazo das contornas rurais pasa por unha aproximación estratéxica dedicada ao desenvolvemento da Sociedade da Información nestas áreas rurais, a Xunta de Galicia ten por obxectivos dotarse dos instrumentos de planificación e xestión da súa política global de telecomunicacións; reforzar e desenvolver a presenza pública nos ámbitos dos servizos de telecomunicación nos que xa está presente, nomeadamente as comunicacións institucionais e os servizos de radiodifusión, especialmente os dixitais; e darlle continuidade á acción concertada público-privada no despregamento de infraestruturas e servizos da Sociedade da Información, especificamente no tocante á banda larga e ao medio rural.

Neste contexto, RETEGAL define como obxectivo estratéxico reforzar o seu papel como sociedade pública para optimizar a súa contribución aos propósitos xerais da política de telecomunicacións da Xunta de Galicia e, polo tanto, de desenvolvemento da Sociedade da Información no noso país.

C. Axente de innovación en telecomunicacións

A Xunta de Galicia define como criterio prioritario para elaboración dos orzamentos de 2009 aqueles plans, programas e actuacións orientados a *“potenciar os investimentos en investigación, desenvolvemento e innovación e na Sociedade da Información e o Coñecemento”*. Este feito proba a clara aposta pola innovación impulsada desde a Xunta de Galicia – e artellada por medio do Plan Galego de Investigación, Desenvolvemento e Innovación Tecnolóxica (PGIDIT) 2006-2010 – aposta que se redobra cando se trata de innovación en tecnoloxías da información e das comunicacións.

A este contexto engádeselle o activo papel de RETEGAL na innovación TIC nos últimos anos, faceta que se quere manter, e aínda reforzar, formulando como obxectivo estratéxico da entidade para o próximo trienio *“participar activamente na acción innovadora dos axentes públicos e privados de Galicia no eido das telecomunicacións”*.

Así, a continuidade na participación en proxectos como os pilotos avanzados en televisión dixital ou o lanzamento do picosatélite galego – proxecto DIESTE – forman parte das prioridades estratéxicas de RETEGAL, como xeito de tirar proveito da experiencia e capacidade dos seus profesionais e de poñer en valor os seus activos tecnolóxicos.

Do mesmo xeito, RETEGAL explorará a súa capacidade de formar parte de consorcios ou partenariados público-privados, como instrumento para crear unha masa crítica innovadora en cooperación con outros axentes do sector TIC galego e para favorecer a captación de orzamentos externos destinados a proxectos tecnolóxicos innovadores.

³ Communication from the Commission to the Council, the European Parliament, the European Economic and Social Committee and the Committee of the Regions - Bridging the Broadband Gap {SEC(2006) 354} {SEC(2006) 355}. COM/2006/0129 final. Marzo de 2006.

2 Formulación operativa 2009

A formulación operativa para 2009 é o resultado de concretar os obxectivos estratéxicos para o trienio 2009-2011 en metas operativas e actuacións que se desenvolverán e, polo tanto, deberán ser previstas nos orzamentos do devandito exercicio 2009.

Seguidamente desenvólvense, en catro seccións, os obxectivos operativos correspondentes aos tres obxectivos estratéxicos de RETEGAL definidos no capítulo anterior, ademais dun cuarto grupo que recolle outros propósitos non directamente incluídos nos anteriores.

2.1 Obxectivos operativos: A. Infraestruturas e servizos de difusión dixital

O obxectivo estratéxico A. Infraestruturas e servizos de difusión dixital foi formulado do seguinte xeito: *“dar respaldo ao despregamento de infraestruturas necesarias para garantir a prestación dos servizos de difusión dixital, especificamente a TDT, conforme aos compromisos de cobertura e calidade esixibles”*.

Dita estratexia descomponse, para o exercicio 2009, en tres obxectivos operativos, que se enuncian seguidamente e se desenvolven nos vindeiros parágrafos:

- AA. Desenvolvemento do servizo soporte á difusión do sinal da TDT de ámbito autonómico
- AB. Desenvolvemento do servizo soporte á difusión do sinal da TDT de ámbito local
- AC. Desenvolvemento do servizo soporte á difusión do sinal da TDT de ámbito estatal

AA. Desenvolvemento do servizo soporte á difusión do sinal da TDT de ámbito autonómico

Concreción do obxectivo
Cobertura a 31.12.2009: 96%
Cobertura a 03.04.2010: 98%

O Real Decreto 944/2005, de 29 de xullo, polo que se aproba o Plan Técnico Nacional da Televisión Dixital Terrestre, Real Decreto que deroga na súa totalidade o anterior Plan Técnico (Real Decreto 2169/1998, de 9 de outubro), establece, na súa disposición adicional segunda, que cada unha das entidades públicas creadas a tenor do establecido na Lei 46/1983, de 26 de decembro, reguladora da terceira canle de televisión, deberán simultanear as súas emisións con tecnoloxía analóxica e con tecnoloxía dixital. Loxicamente, entre estas entidades atópase a CRTVG.

O mesmo Real Decreto, no seu artigo 6º, establece os niveis de cobertura esixibles aos operadores públicos autonómicos:

- 1.º) 80% da poboación antes do 31 de decembro de 2005.
- 2.º) 90% da poboación antes do 31 de decembro de 2008.
- 3.º) 98% da poboación antes do 3 de abril de 2010.

A CRTVG comparte a canle múltiple coas dúas entidades concesionarias das licencias para a emisión de cadanseus programas de TDT de ámbito autonómico: Voz Televisión e Popular Televisión. Esta circunstancia técnica motiva que as obrigas de cobertura deban ser compartidas entre as tres entidades, aínda que xuridicamente o nivel de esixencia sexa inferior para as concesionarias privadas.

Con posterioridade, o Real Decreto 920/2006, de 28 de xullo, engade condicións de cobertura adicionais, de xeito que sexa posible adiantar, en determinadas áreas, a data de peche definitivo das emisións en analóxico. Deste xeito, as obrigas de cobertura – en termos de porcentaxe da poboación – quedan establecidas coa seguinte estrutura temporal:

Cobertura	80%	85%	88%	90%	93%	98%
Data	12/2005	07/2007	07/2008	12/2008	07/2009	04/2010

A meta citada de adiantar as datas de apagamento analóxico en determinadas áreas ten xa o seu reflexo en Galicia. Para xuño de 2009 está previsto o apagamento analóxico en dúas das seis áreas técnicas nas que está dividida a comunidade autónoma no relativo a cobertura do sinal de TDT: Santiago e Ourense Este (60 concellos e máis de 400.000 habitantes).

Nesta contorna, é obxectivo fundamental de RETEGAL para o ano 2009 incrementar as porcentaxes de cobertura de difusión do sinal da CRTVG en TDT e consolidar os actuais niveis de calidade e dispoñibilidade na prestación do servizo, tanto para a televisión como para a radio autonómica. Así, aínda que a esixencia normativa en relación coa cobertura poboacional da TVG para o 31 de xullo de 2009 está xa acadada, o obxectivo operativo contemplado por RETEGAL para o despregamento do devandito sinal prevé unha cobertura do 96% da poboación a 31 de decembro de 2009, pendente da regularización do acordo coa CRTVG.

Por outra banda, como xa quedou dito, á canle múltiple autonómica que ocupa a CRTVG incorporaranse, previsiblemente ao longo do ano 2009, os dúas novas concesións de programas de ámbito autonómico outorgadas pola Xunta de Galicia. Esta circunstancia determina o incremento do peso específico de RETEGAL no panorama audiovisual galego e, consecuentemente, a súa responsabilidade na dispoñibilidade dos servizos de soporte á distribución e difusión do sinal de TDT.

Por este motivo, RETEGAL debe dar continuidade ao plan, xa iniciado noutros exercicios, de mellora de infraestruturas e equipamento, co fin de garantir a dispoñibilidade e calidade de servizo requirida polo seus clientes.

Actividades previstas para 2009:

- 001AA. Despregamento para acadar o nivel de cobertura 96%
- 002AA. Avance do despregamento para nivel de cobertura 98%

AB. Desenvolvemento do servizo soporte á difusión do sinal da TDT de ámbito local

Concreción do obxectivo
Cobertura a 31.12.2009: 85%

No Diario Oficial de Galicia de 16 de agosto de 2006 publicouse a resolución mediante a cal se adjudicaban as concesións para a xestión indirecta do servizo público de televisión dixital de ámbito local en 21 demarcacións da comunidade autónoma galega. Desde ese intre, os concesionarios daban os pasos necesarios para iniciar as súas emisións, ás que se unirán máis adiante os programas explotados polas corporacións municipais.

Con motivo deste proceso, en 2005 RETEGAL emitía unha oferta pública para o servizo portador do sinal de TDT de ámbito local, na que determinaba as condicións técnicas e económicas do servizo que se tiña planificado prestar. Dita oferta, baseada nos requirimentos de cobertura estipulados pola Xunta de Galicia para os concesionarios, establece dúas fases de despregamento de cobertura, cun 85% e un 95% respectivamente de cobertura poboacional.

Segundo as previsións actuais, a finais do presente ano 2008 tense previsto a entrada en funcionamento dos múltiples correspondentes ás demarcacións de Santiago de Compostela, Lugo e Ribeira. Ao mesmo tempo, a previsión razoable é a entrada en funcionamento, ao longo do ano 2009, das restantes canles múltiples correspondentes ás demarcacións territoriais que non inicien as súas emisións perante o ano 2008.

En consecuencia, RETEGAL márcase como obxectivo para 2009 o despregamento da rede de distribución e difusión dos sinais de TDT de ámbito local, con base nos compromisos de cobertura definidos na citada oferta pública de servizo.

Actividades previstas para 2009:

- 001AB. Implantación de cabeceiras dixitais nas demarcacións
- 002AB. Despregamento de ligazóns troncais
- 003AB. Despregamento de rede de difusión

AC. Desenvolvemento do servizo soporte á difusión do sinal da TDT de ámbito estatal

Concreción do obxectivo
Cobertura a 31.07.2009 para RTVE: 93%
Cobertura a 03.04.2010 para RTVE: 98%
Cobertura a 03.04.2010 para privadas: 96%

Como xa se adiantara anteriormente, os compromisos de cobertura poboacional para as canles de ámbito estatal son definidas sobre a poboación total do Estado. Respondendo ao seu propósito de complementar a oferta privada de servizos portadores da TDT e de garantir a máxima cobertura do sinal, RETEGAL participa activamente na ampliación da cobertura das emisións de RTVE e das cadeas privadas estatais.

Así, o obxectivo operativo de RETEGAL en relación coa cobertura poboacional dos operadores estatais é ampliada até o ano 2010 de xeito que se acade o 98% para RTVE e o 96% para as canles privadas.

No caso do ente público, durante o ano 2009, está prevista a continuación da prestación do servizo de transporte e difusión do sinal da canle múltiple de TVE, na que RETEGAL, sen renunciar aos seus obxectivos como empresa pública, colaborará a través do acordo suscrito con Abertis Telecom, S.A. no achegamento dos sinais da referida canle múltiple aos cidadáns da comunidade autónoma, coa finalidade de aplicar, no seu territorio e poboación, os ratios esixidos para a súa aplicación a nivel estatal. As previsións para 2009 son as de traballar para acadar unha cobertura do 93% da poboación.

Do mesmo xeito, RETEGAL planificou efectuar a extensión de cobertura dos múltiples privados estatais por enriba das súas actuais previsións de cobertura na comunidade autónoma.

Actividades previstas para 2009:

- 001AC. Despregamento de rede para a difusión do sinal de TDT de ámbito estatal

2.2 Obxectivos operativos: B. Instrumento para políticas de Sociedade da Información

O obxectivo estratéxico B. Instrumentos para políticas da Sociedade da Información foi formulado do seguinte xeito: *“constituírse en instrumento de apoio para o desenvolvemento de políticas transversais da Xunta de Galicia en relación coa Sociedade da Información e o Coñecemento”*.

Dita estratexia descomponse, para o exercicio 2009, en dous obxectivos operativos, que se enuncian seguidamente e se desenvolven nos vindeiros parágrafos:

- BA. Rede institucional de comunicacións móbiles dixitais da Xunta de Galicia
- BB. Despregamento de infraestruturas de banda larga no rural

BA. Rede institucional de comunicacións móbiles dixitais da Xunta de Galicia

Concreción do obxectivo

Participación na análise de viabilidade de despregamento da rede

A Xunta de Galicia dispón na actualidade dunha rede de comunicacións móbiles en grupo pechado de usuarios baseada nunha tecnoloxía de natureza analóxica. Esta rede presta servizo a numerosos organismos públicos, tanto dependentes da propia Xunta como das administracións locais.

A Xunta de Galicia prevé o despregamento dunha rede privada de tecnoloxía dixital de última xeración que permita cubrir as necesidades de comunicacións móbiles das administracións públicas galegas, con especial foco nas que teñan que ver coas emerxencias. En consecuencia, preténdese despregar unha rede de comunicacións avanzada e de máxima cobertura, que

forneza de capacidades de voz e datos aos diferentes servizos que desenvolven a súa actuación sobre o terreo; que cubra as necesidades de comunicación institucionais de tódolos departamentos implicados durante, como mínimo, os próximos quince anos; que teña dispoñibilidade total en caso de emerxencias, incluíndo a posibilidade de integrar outros colectivos en redes virtuais (bombeiros, policía locais, autoestradas...) ou de definir operativos multidisciplinares.

RETEGAL ten por obxectivo implicarse, previo acordo dos órganos competentes, no proxecto de despregamento desta rede, xa desde o intre de análise da viabilidade da mesma até os posteriores deseño, despregamento e operación.

Actividades previstas para 2009:

- 001BA. Análise da viabilidade técnico-económica do despregamento dunha rede institucional de comunicacións móbiles dixitais en tecnoloxía TETRA

BB. Despregamento de infraestruturas de banda larga no rural

Concreción do obxectivo

Desenvolvemento de tres accións piloto de banda larga no medio rural

Obviamente é a iniciativa privada, a dos operadores de telecomunicacións, a que debe liderar o despregamento da oferta de servizos. Pero nun país como Galicia, cunha orografía e cunha dispersión poboacional que supoñen importantísimas barreiras para a rendibilidade dos investimentos privados neste eido, o concepto de acción pública que complemente á privada tórnase esencial.

É por isto que RETEGAL debe actuar como axente de complementariedade da oferta aló onde non chegan os axentes privados, así como de axente dinamizador da competencia, sen distorsionala, naqueles campos onde aínda hai percorrido para mellorar dita situación de competencia. RETEGAL deberá, ademais, configurar a súa participación na acción concertada público-privada no despregamento de infraestruturas e servizos da Sociedade da Información, especificamente no tocante á banda larga e ao medio rural, segundo se recolle no obxectivo estratéxico B.

Por tanto, operativamente, a consecución destas metas supón o desenvolvemento dun conxunto de actividades orientadas á explotación dos seus activos – a súa capacidade de rede troncal por fibra óptica e radioligazóns, as localizacións acondicionadas de que dispón por todo o país, as infraestruturas civís asociadas a estas, o capital humano e o saber facer empresarial que veu desenvolvendo nos últimos anos –, que amosan un potencial moi significativo.

A posta en valor destes activos dos que dispón a empresa pública RETEGAL forma parte deste obxectivo operativo, aproveitándoos como oportunidade de vertebración do territorio a través do despregamento de novas redes e servizos e como factor de diminución das barreiras de acceso dos operadores de telecomunicacións nas zonas rurais.

Actividades previstas para 2009:

- 001BB. Implantación de equipamento MPLS
- 002BB. Proxectos piloto de despregamento da banda larga mediante tecnoloxías sen fíos no medio rural
- 003BB. Análise de viabilidade da acción concertada público-privada no despregamento de infraestruturas no medio rural

2.3 Obxectivos operativos: C. Axente de innovación en telecomunicacións

O obxectivo estratéxico C. Axente de innovación en telecomunicacións foi formulado do seguinte xeito: *“participar activamente na acción innovadora dos axentes públicos e privados de Galicia no eido das telecomunicacións”*.

Dita estratexia prevé, para o exercicio 2009, un único obxectivo operativo, que se enuncia seguidamente e se desenvolve nos vindeiros parágrafos:

- CA. Participación en proxectos innovadores

CA. Participación en proxectos innovadores

Concreción do obxectivo

Continuidade na participación nos proxectos
pilotos en curso no 2008

RETEGAL ten por obxectivo para 2009 dar continuidade á súa participación nos proxectos innovadores xa en curso ao longo de 2008, así como elaborar novas propostas – de xeito individual ou en cooperación con outros axentes, públicos ou privados – para o lanzamento de novas actividades neste eido.

Se ben calquera actuación relativa a infraestruturas e servizos de telecomunicación avanzados será obxecto desta liña de actividade, primaranse aquelas directamente vinculadas aos servizos de difusión dixitais e, máis concretamente, á TDT. Deste xeito, a continuidade dos proxectos de desenvolvemento de servizos avanzados sobre o estándar MHP e de pilotaxe da televisión dixital en mobilidade son dous bos exemplos da tipoloxía de actuacións que pretende levar a cabo RETEGAL no ámbito da innovación en materia de telecomunicacións.

Actividades previstas para 2009:

- 001CA. Proxectos avanzados de interactividade sobre MHP
- 002CA. Proxecto piloto DBV-H: televisión dixital en mobilidade
- 003CA. Proxecto DIESTE

2.4 Outros obxectivos operativos

Para pechar a formulación operativa de RETEGAL para 2009, recóllense baixo este epígrafe un conxunto de obxectivos operativos que non se corresponden con ningún dos obxectivos estratéxicos da entidade. Estes obxectivos operativos agregan actuacións transversais que, sen estaren directamente ligadas aos obxectivos estratéxicos, si aportan resultados facilitadores da consecución destes.

De feito, para que o desenvolvemento operativo debullado ao longo do presente capítulo sexa factible, RETEGAL deberá asumir un esforzo técnico e económico que levará aparelado o seu reforzamento como sociedade, introducindo modelos operativos de xestión de operación e mantemento axeitados ás necesidades do cliente institucional e á nova contorna de servizos de radiodifusión dixital. Ademais, este reforzamento abranguerá os medios técnicos, humanos e financeiros necesarios para facerlles fronte ás necesidades de servizo do xeito máis eficiente.

XA. Fortalecemento institucional

Concreción do obxectivo

Avaliacións das fórmulas xurídicas e financeiras máis axeitadas para o desenvolvemento da misión de RETEGAL

Dotar a RETEGAL dos instrumentos empresariais, humanos, financeiros e orzamentarios necesarios para o mellor desenvolvemento da súa misión é un obxectivo irrenunciable cando se pretende que a entidade xogue un rol decisivo na execución das políticas de telecomunicacións da Xunta de Galicia, ao tempo que desenvolva a súa actividade nunha contorna de competencia xeral, e particularmente no eido dos servizos de radiodifusión dixital.

Especificamente, para o ano 2009 defínese como meta o establecemento das fórmulas xurídicas e financeiras que confiran a RETEGAL a capacidade e autonomía operativas para a execución do presente plan de investimentos.

Actividades previstas para 2009:

- 001DA. Avaliacións das fórmulas xurídicas e financeiras máis axeitadas para o desenvolvemento da misión de RETEGAL

XB. Plan sectorial de infraestruturas

Concreción do obxectivo

Plan sectorial de infraestruturas de RETEGAL

Complementariamente ao obxectivo operativo anterior, o presente ten por meta dotar a RETEGAL dos instrumentos técnicos necesarios para o mellor desenvolvemento da súa misión. De feito, o elevado potencial dos medios técnicos de RETEGAL supón un activo por explotar na

súa totalidade. Efectivamente, os dereitos de uso da rede troncal de fibra e a capilaridade da rede de radioligazóns - tanto en transporte como en acceso - supoñen un moi importante activo para RETEGAL, activo que dista de estar ao límite do seu aproveitamento.

En consecuencia, perante o primeiro semestre do ano 2009, está prevista a elaboración e aprobación do Plan Sectorial de Infraestruturas de Telecomunicacións xestionadas por RETEGAL, que permita facer fronte ao devandito reforzamento dos medios técnicos da empresa.

Actividades previstas para 2009:

- 001DB. Plan sectorial de infraestruturas de RETEGAL

XC. Conectividade á Xunta de Galicia

Retegal como operador público ten como obxectivo, entre outros, a prestación de servizos de conectividade a propia Administración Autonómica. Servizos que xa ven prestando a diversos departamentos Autonómicos. Entre os obxetivos a curto prazo podemos citar, ademais da conectividade dos novos Telecentros da Secretaría Xeral de Comunicación, a Residencia do Presidente da Xunta de Galicia no Monte Pío, a Cidade da Cultura e a interconexión entre diversas dependencia do CIXTEC.

Así mesmo, as infraestruturas de que dispón Retegal serán fundamentais unha importante labor na extensión do servizo de Banda Larga en Galicia.

3 Actuacións 2009

Defínense de seguido as actividades previstas por RETEGAL no marco do seu plan operativo para 2009.

001AA. Despregamento para nivel de cobertura 96%

Despregamento de rede de transporte e difusión da canle múltiple de ámbito autonómico para acadar o obxectivo de cobertura do 96% en 2009.

A actividade concrétase na adquisición e implantación dos seguintes elementos, segundo o plan de despregamento de rede de RETEGAL:

- Equipamento de difusión
- Radioligazóns para a estrutura troncal
- Infraestrutura civil
- Equipamento de medida e supervisión.

002AA. Avance do despregamento para nivel de cobertura 98%

Avance no despregamento de rede de transporte e difusión da canle múltiple de ámbito autonómico para acadar o obxectivo de cobertura do 98% en 2009.

A actividade concrétase na adquisición e implantación dos seguintes elementos, segundo o plan de despregamento de rede de RETEGAL, e que suporá acadar o 75% de avance para acadar o obxectivo de cobertura:

- Equipamento de difusión
- Radioligazóns para a estrutura troncal
- Infraestrutura civil
- Equipamento de medida e supervisión.

001AB. Implantación de cabeceiras dixitais nas demarcacións

Adquisición e implantación dos elementos constituíntes das cabeceiras para a xestión da canle múltiple para as demarcacións de TDT locais previstas no plan de despregamento de rede de RETEGAL.

002AB. Despregamento de ligazóns troncais

Adquisición e implantación das ligazóns troncais para dar soporte á distribución do sinal de TDT para as demarcacións locais previstas no plan de despregamento de rede de RETEGAL.

003AB. Despregamento de rede de difusión

Adquisición e implantación do equipamento de difusión do sinal de TDT para as demarcacións locais previstas no plan de despregamento de rede de RETEGAL.

001AC. Despregamento de rede para a difusión do sinal de TDT de ámbito estatal

Esta actividade concretarase, ao longo de 2009, nas seguintes accións:

- Adquisición e implantación do equipamento necesario para a entrada en funcionamento de dous novos centros emisores – Chantada (Lugo) e Arbo (Pontevedra) – coas súas correspondentes ligazóns.
- De conformidade co contrato suscrito con Abertis Telecom, S.A., adiantamento da parte que lle corresponde a RETEGAL da súa cobertura autonómica ao 93%, no tocante á canle múltiple RGE.

001BA. Análise da viabilidade técnico-económica do despregamento dunha rede institucional de comunicacións móbiles dixitais en tecnoloxía TETRA

RETEGAL, previo o acordo do seu Consello de Administración, estudará e avaliará as distintas solucións técnicas para a implantación, no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, dunha rede institucional de comunicacións móbiles dixitais en tecnoloxía TETRA.

Ao tempo, unha vez determinada a solución técnica máis axeitada, estudará a viabilidade do efectivo establecemento da devandita rede, sen comprometer inicialmente recursos financeiros de RETEGAL, nin recorrer ao endebedamento.

001BB. Implantación de equipamento MPLS

Esta actuación consistirá na adquisición e implantación de equipamento MPLS (*Multiprotocol Label Switching*) para as seguintes ubicacións de rede: San Marcos, San Caetano, San Simón, Penamoa, Bailadora, Vimianzo, Domaio, Mesón, Ourense-Seminario, Pedroso, Meda, Páramo e Delegación da Xunta de Galicia en Vigo.

002BB. Proxectos piloto de despregamento da banda larga mediante tecnoloxías sen fíos no medio rural

RETEGAL continuará avaliando a viabilidade das tecnoloxías de comunicación sen fíos para acadar dun xeito económica e tecnicamente viable o obxectivo de despregamento da banda larga no medio rural.

Máis en concreto, levaranse a cabo proxectos piloto, experimentais e demostradores para a implantación de áreas rurais WIFI e WIMAX. Asemade, avaliaranse as solucións satelitais que poidan contribuír ao logro dos obxectivos establecidos.

003BB. Análise de viabilidade da acción concertada público-privada no despregamento de infraestruturas no medio rural

RETEGAL explorará oportunidades de cooperación con axentes privados – nomeadamente operadores de telecomunicación – para o despregamento de infraestruturas de banda larga no rural, mediante o aproveitamento da rede de emprazamentos e da capacidade troncal da entidade.

001CA. Proxectos avanzados de interactividade sobre MHP

Coa finalidade de dar servizos de valor engadido sobre a TDT, e motivar deste xeito aos telespectadores cara ao cambio de tecnoloxía, RETEGAL dará continuación a colaboración coa Dirección Xeral de Comunicación Audiovisual da Xunta de Galicia e a Universidade de Vigo no desenvolvemento de aplicacións innovadoras de valor engadido sobre TDT, segundo estándar MHP.

002CA. Proxecto piloto DBV-H: televisión dixital en mobilidade

RETEGAL continuará, no ano 2009, co desenvolvemento do proxecto de televisión dixital terrestre en mobilidade, sobre a base do estándar DVB-H, que na actualidade desenvolve coas universidades galegas e en cooperación con empresas privadas, como Televés e Arantia.

O devandito proxecto, que está financiado polo programa PROFIT, prevé durante o vindeiro ano 2009, a realización de experiencias piloto en Santiago de Compostela, Vigo e A Coruña.

003CA. Proxecto DIESTE

RETEGAL continuará, ao longo do ano 2009, a súa colaboración coa Universidade de Vigo no proxecto DIESTE, para o lanzamento dun picosatélite de tipo Cubesat, que partiu recentemente na carga útil do voo inaugural da lanzadeira espacial Vega.

001XA. Avaliacións das fórmulas xurídicas e financeiras máis axeitadas para o desenvolvemento da misión de RETEGAL

RETEGAL levará a cabo unha análise das fórmulas xurídicas, financeiras e de xestión de activos máis axeitadas para o desenvolvemento da súa misión no marco estratéxico definido neste documento. Dita análise será plasmada no correspondente informe, a liberar ao longo de 2009.

001XB. Plan sectorial de infraestruturas de RETEGAL

No primeiro semestre de 2009, RETEGAL elaborará e aprobará o seu plan sectorial de infraestruturas, que definirá as directrices técnicas para o despregamento e operación da súa rede, en todo o abanico de servizos e tecnoloxías que RETEGAL actualmente opera.

4 Programa de investimentos

- Múltiplex autonómico TDT, CRTVG e concesionarios autonómicos	4.238 mil euros
- Concesionarios locais	5.023 mil euros
- Cadeas estatais	5.350 mil euros
- Rede institucional de comunicacións móbiles dixitais da Xunta de Galicia	11.030 mil euros
- Desenvolvemento de infraestruturas de Banda Larga	9.900 mil euros
- Conectividade de sedes físicas da Xunta de Galicia e organismos públicos	1.666 mil euros

ORZAMENTOS XERAIS DA XUNTA DE GALICIA 2009.
ORZAMENTO DE EXPLOTACIÓN

REDES DE TELECOMUNICACIÓN GALEGAS, RETEGAL, S.A

Plan Xeral de Contabilidade RD 1514/2007	CONTA DE PERDAS E GANANCIAS	(En miles de euros sen decimais)		
		REAL	ESTIMADO	ORZAMENTO
		2007	2008	2009
	A) OPERACIONES CONTINUADAS			
	1. Importe neto da cifra de negocios	5.024	6.673	10.210
700 a 704 (706),(707),(708)	a) Ventas			
705	b) Prestacións de servizos	5.024	6.673	10.210
(6930),71,7930	2. Variación de existencias de pto. terminados e en curso de fabricac.	-36		
73	3. Traballos realizados pola empresa para o seu activo.			
	4. Aprovisionamentos	-885	-1.990	-5.220
(600),6060,6080,6090,610	Consumo de mercaderías	-835	-1.915	-5.150
(601),(602),6061,6062,6081,6082,6091,6092,611,612	Consumo de materias primas e outras materias consumibles			
(607)	Traballos realizados por outras empresas	-50	-75	-70
(6931),(6932),(6933),7931,7932,7933	Deterioro de mercaderías, materias primas e outros aprovisionamentos			
	5. Outros ingresos de explotación	693	685	622
75	Ingresos accesorios e outros de xestión corrente	8		
740,747	Subvencións de explotación incorporadas ó resultado exercicio	685	685	622
(640),(641),(6450)	6. Gastos de persoal	-2.454	-2.825	-2.889
(642),(643),(649)	Soldos, salarios e asimilados	-1.949	-2.235	-2.279
(644),(6457),7950,7957	Cargas sociais	-505	-590	-610
	Provisións			
	7. Outros gastos de explotación	-2.303	-2.476	-2.657
(62)	Servicios exteriores	-2.266	-2.471	-2.650
(631),(634),636,639	Tributos	-8	-5	-7
(650),(694),(695),794,7954	Perdas, deterioros e variacións de provisións por operacións comerciais	-77		
(651),(659)	Outros gastos de xestión corrente	48		
(68)	8. Amortización do inmovilizado	-585	-564	-540
746	9. Imputación de subvencións do inmovilizado non financeiro e outras.	521	503	479
7951,7952,7955,7956	10. Excesos de provisións	0		
(690),(691),(692),790,791,792	11. Deterioro e resultado por alleamentos de inmovilizado.	0	0	0
(670),(671),(672),770,771,772	a) Deterioros e perdas			
	b) Resultado por alleamentos e outras			
	A.1) RESULTADO DE EXPLOTACIÓN (1+2+3+4+5+6+7+8+9+10+11)	-25	6	5
	12. Ingresos financeiros	29	0	0
7600,7601	a) De participación en instrumentos do patrimonio	29	0	0
7602,7603	En empresas do grupo e asociadas			
	En terceiros	29		
7610,7611,76200,76201,76210,76211	b) De valores negociables e outros instrumentos financeiros	0	0	0
7612,7613,76202,76203,76212,76213,767,769	De empresas do grupo e asociados			
	De terceiros			
	13. Gastos financeiros	0	0	0
(6610),(6611),(6615),(6616),(6620),(6621),	a) Por débedas con empresas do grupo			
(6640),(6641),(6650),(6651),(6654),(6655)	b) Por débedas con terceiros.			
(6612),(6613),(6617),(6618),(6622 a 6624),	c) Por actualización de provisións			
(6642),(6643),(6652),(6653),(6656),(6657),(669)	14. Variación de valor razonable en instrumentos financeiros.	0	0	0
(660)	a) Carteira de negociación e outros			
(6630),(6631),(6633),7630,7631,7633	b) Imputación ó resultado do exercicio por activos financeiros disponibles para a venda			
(6632),7632	15. Diferencias de cambio			
(668),768	16. Deterioro e resultado por alleamento de instrumentos financeiros	0	0	0
(696 a 699),796 a 799	a) Deterioro e perdas			
(666),(667),(673),(675),766,773,775	b) Resultado por alleamentos e outras			
	A.2) RESULTADO FINANCIERO (12+13+14+15+16)	29	0	0
	A.3) RESULTADO ANTES DE IMPOSTOS (A.1+A.2)	4	6	5
(6330),6301,(633),638	17. Imposto sobre beneficios	-1	-2	-2
	A.4) RESULTADO DO EXERCICIO PROCEDENTE DE OPERACIÓNS CONTINUADAS (A.3)	3	4	3
	B) OPERACIONES INTERRUMPIDAS			
	18. Resultado do exercicio procedente de operacións interrumpidas neto de impostos.			
	A.5) RESULTADO DO EXERCICIO (A.4+18)	3	4	3

A	Satisfacer as necesidades asistenciais de alta tecnoloxía dos cidadáns das áreas asistenciais asignadas polo Servizo Galego de Saúde nos eidos de cirurxía cardíaca, cardioloxía intervencionista, diagnóstico pola imaxe, medicina nuclear e oncoloxía radioterápica coordinada e integrada coa rede asistencial do Servizo Galego de Saúde	a) Potenciar o desenvolvemento de políticas sociais, especialmente no ámbito da educación, sanidade e a atención as persoas dependentes
B	Proporcionar asesoramento ao Servizo Galego de Saúde en materia de avaliación, planificación, promoción, adquisición, organización, mantemento, formación, xestión, investigación e control de calidade	g) Aumentar o grao de eficacia e eficiencia do gasto público
C	Proporcionar asesoramento ao Servizo Galego de Saúde en materia de protección radiolóxica e física médica	a) Potenciar o desenvolvemento de políticas sociais, especialmente no ámbito da educación, sanidade e a atención as persoas dependentes
D	Participar no desenvolvemento do Plan PET Galicia	a) Potenciar o desenvolvemento de políticas sociais, especialmente no ámbito da educación, sanidade e a atención as persoas dependentes
E	A prestación de servizos relacionados co ámbito sanitario. Mellora da accesibilidade dos usuarios ás prestacións asistenciais	a) Potenciar o desenvolvemento de políticas sociais, especialmente no ámbito da educación, sanidade e a atención as persoas dependentes
F	A promoción, planificación, deseño, construción, conservación, mantemento, dotación de equipamento e explotación de toda clase de infraestructuras sanitarias que sexan promovidas pola Comunidade Autónoma de Galicia ou en que ésta participe vinculadas ao ámbito sanitario.	c) Reforzar as políticas que melloren as infraestructuras productivas

2.- Obxectivos Operativos

i. Obxectivos Operativos

Cód.	Descrición do obxectivo operativo	Cuantificación
AA	Satisfacer a demanda asistencial nos eidos de cirurxía cardíaca, cardioloxía intervencionista, diagnóstico pola imaxe, medicina nuclear e oncoloxía radioterápica, coordinada e integrada coa rede asistencial do Servizo Galego de Saúde.	765 procesos de cirurxía cardíaca. 4.390 procedementos de cardioloxía intervencionista 2.000 tratamentos de teleterapia. 260 tratamentos de braquiterapia. 90 tratamentos de radiocirurxía 17.250 resonancias magnéticas. 13.646 gammagrafías
AB	Satisfacer as necesidades de estudos de resonancia magnética dos hospitais comarcais e fundacións, coa mais alta tecnoloxía dispoñible e evitando o desplazamento dos doentes aos centros. Todo iso de maneira coordinada e integrada coa rede asistencial do Servizo Galego de Saúde.	100% dos estudos nos urxentes; 10.265 resonancias.
AC	Participar no desenvolvemento na unidade PET do Servizo de Medicina Nuclear do Complexo Hospitalario Universitario de Vigo (CHUVI).	Atender o 100% das necesidades de estudos PET dos doentes do Servizo Galego de Saúde das provincias de Pontevedra e Ourense; 3.400 estudos.
BA	Apoiar ao Servizo Galego de Saúde na adquisición do equipamento do Novo Hospital de Lugo.	O 100% do equipamento inventariable de acordo cos plans de priorizacións.
BB	Actualizar, elaborar os pregos de condicións técnicas e informes de adjudicación do plan de alta tecnoloxía do Servizo Galego de Saúde, así como todas as outras actividades habituais solicitadas polo Servizo Galego de Saúde.	O 100%.
CA	Prestar a asesoría en materia de protección radiolóxica e física médica aos clientes con instalacións médicas radioactivas de segunda e terceira categoría (radioterapia, radiodiagnóstico e medicina nuclear), garantizando a continuidade da prestación do servizo e o cumprimento da normativa e recomendacións vixentes en cada momento.	O 100% dos clientes.

DA	Garantizar o subministro de FDG as unidades PET do Servizo Galego de Saúde	Satisfacer o 100% das necesidades de FDG
EA	Desenvolver “Saúde en Liña”, o servizo de atención telefónica a cidadanía do Servizo Galego de Saúde	Extenderlo ao 100% das áreas asistenciais de atención primaria.
FA	Apoiar o Servizo Galego de Saúde, División de Recursos Económicos, nos traballos que se poden englobar dentro do concepto de xestión integrada dos proxectos e das obras (Project Management) que promove o Sergas.	O 100% dos traballos encomendados
FB	Establecer o plan de desenvolvemento da unidade	Para o período 2009 - 2011

ii. Explicacións dos obxectivos operativos

O conxunto dos obxectivos operativos abranguen todo o orzamento da entidade.

a) Obxectivos operativos de actividade asistencial:

▪ **Cirurgía Cardíaca (A.S.C.)**

A demanda e complexidade dos pacientes segue a incrementarse nesta unidade. Para o ano 2009 estímase a realización de 765 procesos asistenciais. Debido a saturación dos recursos de cuidados intensivos e camas de hospitalización do CHUVI será necesario utilizar recursos externos para dar cobertura ás necesidades asistenciais da súa área de influencia.

Nesta disciplina experimentouse nos últimos anos un importante crecemento nas intervencións mais complexas, que son as valvulares e combinadas (valvular-coronaria) en detrimento das intervencións de doenzas coronarias. Elo e debido ao avance experimentado na abordaxe destas patoloxías por vía percutánea.

Está previsto continuar desenvolvendo técnicas de circulación extracorpórea menos agresivas, o acceso transapical para implantes valvulares e prevención das arritmias postquirúrxicas na procura dunha mellora da calidade asistencial e vida dos pacientes ao evitarse nunha porcentaxe elevada o consumo de sintrom.

▪ **Cardioloxía Intervencionista (A.S.C.)**

No ámbito da actividade asistencial a Unidade de Cardioloxía Intervencionista ten previsto seguir respondendo a demanda, mais estabilizada, tanto no eido

diagnóstico como terapéutico, asegurando a calidade e efectividade das técnicas intervencionistas. Deste xeito, para o ano 2009 a actividade a realizar acadará os 4.390 procedementos, onde seguen a incrementarse os procedementos combinados, que sempre que sexa clínicamente posible, supón realizar nun mesmo acto o estudo diagnóstico e o tratamento do paciente. Esta previsto desenvolver a técnica de implantes valvulares por vía transfemoral e a realización de angioplastias de carótida de acordo con as directrices do CHUVI.

No ámbito da xestión a unidade de Cardiología Intervencionista ten como obxectivo mais importante continuar participando activamente no desenvolvemento da Área de Cardiología do CHUVI, constituída no ano 2007. Así mesmo colaborará co Complexo Hospitalario de Ourense na posta en marcha da unidade de cardiología intervencionista de dito Complexo.

▪ **Oncoloxía Radioterápica**

As técnicas radioterapéuticas de tratamento do cancro seguen a experimentar unha crecente demanda tanto pola súa seguridade e efectividade, como polo desenvolvemento do ámbito oncolóxico xeral, tanto diagnóstico como terapéutico.

A unidade de Oncoloxía Radioterápica do Hospital Meixoeiro sofre na actualidade una importante presión asistencial en teleterapia que se verá mitigada, en parte, en 2009 coa apertura de dous novos aceleradores lineais no CHOU.

No ano 2009 está prevista a substitución dun dos aceleradores lineais mais antigos por un que incorporará as últimas novidades en IMRT e IGRT o que permitirá incrementar a precisión e efectividade de certos tipos de tratamentos.

Dende o punto de vista da xestión a unidade está a participar activamente no desenvolvemento da área de cancro no CHUVI, prevista no seu plan estratéxico.

▪ **Diagnóstico pola Imaxe (A.S.C.)**

A actividade desta unidade segue experimentando unha evolución importante da demanda, tanto dende o punto de vista cuantitativo como cualitativo. No ano 2009 está prevista incrementar o número de estudos de resonancia en un 6 %. Destes, un 63 % corresponde as unidades fixas dos hospitais Xeral Cíes e Meixoeiro, e un 37% as unidades móbiles, que seguirán atendendo as necesidades neste tipo de probas dos hospitais comarcais e fundacións. Para iso será necesario traballar en quendas de mañá, tarde e fin de semana.

Está previsto acadar a renovación tecnolóxica do equipamento coa incorporación, no hospital Xeral Cíes, dunha resonancia magnética de 3T. A resonancia de 3T, a mais avanzada da actualidade, incrementa os tempos de adquisición e a calidade das imaxes dos estudos en xeral, e particularmente os de cardiología e neuroloxía.

O igual que outras das unidades asistenciais está a participar no desenvolvemento da área de diagnóstico pola imaxe do CHUVI.

▪ **Medicina Nuclear de Vigo e Ourense (A.S.C.)**

As Unidades de Medicina Nuclear de Vigo e Ourense, dan cumprida resposta ás demandas diagnósticas e terapéuticas das poboacións de referencia, cun elevado grao de eficiencia e calidade.

No ano 2009 está previsto consolidar a realización de estudos PET traballando en quendas de mañá e tarde. A Tomografía por Emisión de Positróns (PET) é unha técnica diagnóstica que mellora a detección temperá de patoloxías cancerixenas de pulmón, mama e colon, así como a avaliación do dano cerebral.

b) Obxectivos operativos no ámbito da consultoría

A división de Consultoría manterá no ano 2009 as súas liñas de traballo habituais:

- O asesoramento na compra de equipamento de alta tecnoloxía, planificación técnica de investimentos, dotación completa de hospitais, deseños de instalacións, auditorías de organización e plans funcionais de servizos, entre outras actuacións. No marco desta liña de actuación, durante o 2009 terán gran significación todas as actividades derivadas da apertura do Novo Hospital de Lugo.
- Continuará co desenvolvemento das liñas de acción que se poden englobar dentro do concepto de xestión integrada dos proxectos e das obras (Project Management) que promove o Sergas.

E estará a disposición de ampliar a súa colaboración co Servizo Galego de Saúde en outras actividades según demanda.

c) Obxectivos operativos no ámbito radiofísica e protección radiolóxica

A Unidade de Radiofísica e Protección Radiolóxica manterá as liñas de actividade en consonancia co desenvolvemento das novas técnicas de radiofísica e protección radiolóxica. Seguirá competindo no mercado cunha carteira de produtos integral e diferenciada, que ademais inclúe, entre outros, a realización de programas formativos extraordinarios de común acordo cos clientes, a participación activa na elaboración de procedementos para implantar os programas de garantía de calidade de radiodiagnóstico dos hospitais e o establecemento de procedementos para a realización de probas de aceptación e controis de calidade nos novos sistemas de imaxe dixital.

A unidade seguirá a participar activamente nos proxectos de investigación con algúns dos servizos de radiodiagnóstico cos que actualmente traballa.

No presente ano tamén terá un relevante papel no desenvolvemento e aplicación clínica do PET-CT.

d) Obxectivos operativos da produción de radiofármacos PET.

Resoltos os problemas de deseño da instalación de climatización dos laboratorios de a Unidade de Radiofármacos PET Galicia (ciclotrón), a unidade ten previsto consolidar e atender as necesidades de FDG das dúas unidades PET do Sergas. E para poder suministrar FDG a terceiros, durante o 2009 solicitarase a Agencia Española del Medicamento a autorización da unidade como Laboratorio farmacéutico.

Este ano foi presentada pola consellería de sanidade a solicitude para que o Laboratorio se constituía como unidade docente para a formación de radiofarmaceúticos. No caso que a solicitude sexa autorizada polos misterios de Educación e Sanidad ao longo do 2009 acometeranse todas as actividades preparatorias o inicio desta actividade, entre os que se inclúen acordos de colaboración co Complexo Hospitalario Universitario de Santiago e General Electric Unidad Central de Radiofarmacia de Galicia, S.L.

Estudiarase a posibilidade de establecer acordos estratéxicos con empresas do sector que aporten valor engandido aos obxectivos anteriormente mencionados.

e) Obxectivos operativos de servizos relacionados co ámbito sanitario, “Saude en Liña”

Este ano 2008 o Instituto recibio a encomenda da xestión do servizo de cita previa telefónica de atención primaria do Servizo Galego de Saúde. En colaboración coa División de Asistencia Sanitaria do Servizo Galego de Saúde, as Xerencias de Atención Primaria e a Dirección Xeral de Aseguramento e Planificación Sanitaria porase en marcha no último trimestre do ano o servizo para as catro áreas (Lugo, Ourense, Santiago e Pontevedra). Durante o ano 2009 estenderase as tres áreas sanitarias restantes, Vigo, Coruña e Ferrol.

6.3.- Actuacións

As actuacións previstas para o desenvolvemento da planificación estratéxica e a consecución dos obxectivos operativos no PAIF no están integradas en ningún Plan oficial de ámbito superior ou transversal.

O detalle das actuacións, excluídos o programa de investimentos, e o seguinte:

Cód.	Actuación	Importe
001AA	Chegar a un acordo con algún hospital de Vigo coa infraestrutura precisa para realizar intervencións de cirurxía cardíaca garantido a dispoñibilidade das mesmas en calquera momento.	635.235
002AA	Seguimento e control mensual do plan de xestión da unidade de cirurxía cardíaca	10.336.641
003AA	Seguimento e control mensual do plan de xestión da unidade de cardioloxía intervencionista	9.766.205
004AA	Seguimento e control mensual do plan de xestión da unidade de oncoloxía radioterápica	4.453.670
005AA	Seguimento e control mensual do plan de xestión das unidades fixas de resonancia magnética	2.703.343
006AA	Seguimento e control mensual do plan de xestión da unidade de medicina nuclear de Vigo	1.509.437
007AA	Seguimento e control mensual do plan de xestión da unidade de medicina nuclear de Ourense	870.013
001AB	Seguimento e control mensual do plan de xestión da unidade móbil de resonancia magnética	1.569.839
001AC	Seguimento e control mensual do plan específico de desenvolvemento da unidade PET do servizo de medicina nuclear	1.608.447
002AC	Establecemento dos protocolos PET – CT co servizo de medicina nuclear e radiodiagnóstico do CHUVI	0
003AC	Establecemento, co o servizo de medicina nuclear do CHUVI, dos protocolos para os estudos PET	0
001BA	Ampliación do equipo de traballo de consultoría no eido da alta tecnoloxía sanitaria en 3 persoas.	142.067
002BA	Prever a contratación de recursos de apoio externos se fose preciso	0
001BB	Seguimento e control mensual do plan de actividade da unidade de consultoría técnica de alta tecnoloxía	1.046.867

001CA	Crear o servizo de física médica como resultado da unión da unidade técnica de protección radiolóxica (UTPR) e o servizo de radiofísica e protección radiolóxica do hospital do Meixoeiro. Elaborar e aprobar o plan de xestión 2010-2011	1.168.849
002CA	Ampliación de persoal	66.848
001DA	Establecer alianzas estratéxicas con outras unidades de produción de radiofármacos PET	0
002DA	Comezar a actividade docente de radiofarmacia despois da autorización do Ministerio en colaboración co servizo de medicina nuclear e o servizo de protección radiolóxica do Complexo Universitario de Santiago, e General Electric Unidad Central de Radiofarmacia de Galicia, S.L.	0
003DA	Seguimento e control mensual do plan de actividade da unidade de radifármacos Pet Galicia	1.273.297
004DA	Solicitud e á Agencia Española del Medicamento a autorización como laboratorio farmacéutico	0
001EA	Planificar, desenvolver e xestionar o servizo de atención telefónica de cita previa en atención primaria das áreas asistenciais de Ourense, Lugo, Pontevedra e Santiago	1.449.138
002EA	Estender o servizo de atención telefónica de cita previa en atención primaria as áreas asistenciais de Vigo, Coruña e Ferrol.	1.284.500
001FA	Ampliación do equipo de traballo nunha persoa.	47.355
001FB	Aprobación do convenio marco Galaria – Xunta	0
002FB	Definir o plan económico financeiro global establecendo o máximo de encomendas e o máximo de devolucións do Servizo Galego de Saúde a Galaria	0

4.- Programa de Inversións

Durante o ano 2009 preténdese continuar coa actualización dos equipos e instalacións. Para iso destínase un orzamento que ascende a 7,1 millóns de euros, o que representa un 16% dos ingresos estimados para este ano, entre os que cabe salientar:

- Renovación dunha resonancia magnética no hospital Xeral Cíes (CHUVI).
- Reforma do espazos no hospital do Rebullón para oficinas.
- Renovación dun acelerador lineal no hospital Meixoeiro (CHUVI).

5.- Financiamento

Tendo en conta a demanda prevista, estímase uns ingresos de explotación para o ano 2009 de 40 millóns de euros, dos que o 72 % corresponde a subvención a explotación e o resto a outra facturación das Unidades de Alta Tecnoloxía, Radiofísica e Protección Radiolóxica e as novas actividades do Instituto (PET, Resonancia Móbil e a Unidade de radifármacos PET):

Ingresos neto Contrato programa:	28.533 mil euros
Convenio Colaboración (Ciclotrón):	708 mil euros
Radiofísica e Protección Radiolóxica:	438 mil euros
Outros ingresos UAT	7.344 mil euros
Outros ingresos:	2.735 mil euros

Os investimentos serán financiados con recursos propios e mediante mediante operacións de leasing, de maneira que non se incremente o nivel de endebedamento, e o resto mediante outros tipos de operacións, como renting, seguindo os criterios establecidos pola Administración.

6.- Codicionantes e outros factores de incidencia no desenvolvemento do programa

Gastos

Para acadar os obxectivos de actividade, amortizacións e contención das listas de espera estímase uns gastos de 40 millóns de euros. As partidas principais son as seguintes:

Aprovisionamentos

Gasto en aprovisionamentos de 19.236 millóns de euros, o que supón un 48 % do gasto total. Cabe salientar, que unha parte deste gasto, corresponde aos materiais e servizos asistenciais recibidos dos hospitais nos que se atopan situadas as Unidades

Persoal

O gasto de persoal ascende a 15.117 millóns de euros, o que representa o 37 % do gasto total do Instituto. De devandita cantidade, ao redor de 231 mil euros corresponden a novas liñas de actividade.

Amortización

O gasto por amortizacións ascende a 2.158 millóns de euros, dos que 1.043 corresponden a inmovilizado inmaterial, e os restantes a inmovilizado material.

Servizos exteriores

O gasto neste concepto ascende a 2.916 millóns de euros, un 7 % do gasto total. Engádense os servizos non asistenciais recibidos dos hospitais nos que se atopan emprazadas as Unidades, outros servizos concertados con empresas ou particulares alleos ó Instituto e os gastos das operacións de renting.

Gastos Financeiros

A previsión de gastos financeiros é de 341 mil euros, orixinados polos arrendamentos financeiros contratados polo Instituto.

Subvencións á explotación

As subvencións de explotación estimadas corresponden ao Contrato Programa (Unidades de Alta Tecnoloxía e Consultoría) e a financiación do Ciclotrón.

Subvencións de capital

Dita subvención financia a adquisición dunha sala vascular para o Hospital do Meixoeiro.

ORZAMENTOS XERAIS DA XUNTA DE GALICIA 2009.
ORZAMENTO DE EXPLOTACIÓN

GALARIA EMPRESA PÚBLICA DE SERVIZOS SANITARIOS,S.A.

Plan Xeral de Contabilidade RD 1514/2007	CONTA DE PERDAS E GANANCIAS	(En miles de euros sen decimais)		
		REAL	ESTIMADO	ORZAMENTO
		2007	2008	2009
	A) OPERACIONES CONTINUADAS			
	1. Importe neto da cifra de negocios	29.950	32.633	36.315
700 a 704 (706),(707),(708)	a) Ventas			
705	b) Prestacións de servizos	29.950	32.633	36.315
(6930),71,7930	2.Variación de existencias de pto terminados e en curso de fabricac.			
73	3. Traballos realizados pola empresa para o seu activo.			
	4. Aproveionamentos	-14.326	-16.395	-19.226
(600),6060,6080,6090,610	Consumo de mercaderías			
(601),(602),6061,6062,6081,6082,	Consumo de materias primas e outras materias consumibles	-10.097	-13.480	-16.171
6091,6092,611,612				
(607)	Traballos realizados por outras empresas	-4.229	-2.915	-3.055
(6931),(6932),(6933),7931,7932,7933	Deterioro de mercaderías, materias primas e outros proveionamentos			
	5. Outros ingresos de explotación	604	1.070	3.197
75	Ingresos accesorios e outros de xestión corrente	2	362	2.489
740,747	Subvencións de explotación incorporadas ó resultado exercicio	602	708	708
	6. Gastos de persoal	-12.479	-12.869	-15.117
(640),(641),(6450)	Soldos, salarios e asimilados	-10.058	-10.270	-12.258
(642),(643),(649)	Cargas sociais	-2.421	-2.599	-2.859
(644),(6457),7950,7957	Provisións			
	7. Outros gastos de explotación	-1.965	-2.691	-2.916
(62)	Servicios exteriores	-1.778	-2.611	-2.818
(631),(634),636,639	Tributos	-23	-20	-33
(650),(694),(695),794,7954	Perdas, deterioros e variacións de provisións por operacións comerciais	-23	-50	-40
(651),(659)	Outros gastos de xestión corrente	-141	-10	-25
(68)	8. Amortización do inmovilizado	-1.795	-1.838	-2.158
746	9. Imputación de subvencións do inmovilizado non financeiro e outras.	31	134	134
7951,7952,7955,7956	10. Excesos de provisións	842	50	30
	11. Deterioro e resultado por alleamentos de inmovilizado.	0	0	0
(690),(691),(692),790,791,792	a) Deterioros e perdas			
(670),(671),(672),770,771,772	b) Resultado por alleamentos e outras			
	A.1) RESULTADO DE EXPLOTACIÓN (1+2+3+4+5+6+7+8+9+10+11)	862	94	259
	12. Ingresos financeiros	74	70	82
7600,7601	a) De participación en instrumentos do patrimonio	0	0	0
7602,7603	En empresas do grupo e asociadas			
	En terceiros			
	b) De valores negociables e outros instrumentos financeiros	74	70	82
7610,7611,76200,76201,76210,76211	De empresas do grupo e asociados			
7612,7613,76202,76203,76212,	De terceiros	74	70	82
76213,767,769				
	13. Gastos financeiros	-114	-164	-341
(6610),(6611),(6615),(6616),(6620),(6621),	a) Por débedas con empresas do grupo			
(6640),(6641),(6650),(6651),(6654),(6655)				
(6612),(6613),(6617),(6618),(6622 a 6624),	b) Por débedas con terceiros.	-114	-164	-341
(6642),(6643),(6652),(6653),(6656),(6657),(669)				
(660)	c) Por actualización de provisións			
	14. Variación de valor razonable en instrumentos financeiros.	0	0	0
(6630),(6631),(6633),7630,7631,7633	a) Carteira de negociación e outros			
(6632),7632	b) Imputación ó resultado do exercicio por activos financeiros disponibles para a venda			
(668),768	15. Diferencias de cambio			
	16. Deterioro e resultado por alleamento de instrumentos financeiros	0	0	0
(696 a 699),796 a 799	a) Deterioro e perdas			
(666),(667),(673),(675),766,773,775	b) Resultado por alleamentos e outras			
	A.2) RESULTADO FINANCIERO (12+13+14+15+16)	-40	-94	-259
	A.3) RESULTADO ANTES DE IMPOSTOS (A.1+A.2)	822	0	0
(6330),6301,(633),638	17. Imposto sobre beneficios	-282		
	A.4) RESULTADO DO EXERCICIO PROCEDENTE DE OPERACIÓN CONTINUADAS (A.3)	540	0	0
	B) OPERACIONES INTERRUMPIDAS			
	18. Resultado do exercicio procedente de operacións interrompidas neto de impostos.			
	A.5) RESULTADO DO EXERCICIO (A.4+18)	540	0	0

ORZAMENTOS XERAIS DA XUNTA DE GALICIA 2009.			
ORZAMENTO DE CAPITAL			
GALARIA EMPRESA PUBLICA DE SERVIZOS SANITARIOS S.A.			
ESTADO DE FLUXOS DE EFECTIVO	(En miles de euros sen decimais)		
	REAL	ESTIMADO	ORZAMENTO
	2007	2008	2009
A) FLUXOS DE EFECTIVO DAS ACTIVIDADES DE EXPLOTACIÓN			
1. Resultado do exercicio antes de impostos.	822	0	0
2. Axustes no resultado	985	1.798	2.293
a. Amortización do inmovilizado (+)	1.795	1.838	2.158
b. Correccións valorativas por deterioro (+/-)	23	50	40
c. Variación de provisiones (+/-)	-842	-50	-30
d. Imputación de subvencións (-)	-31	-134	-134
e. Resultados por baixas e alleamentos de inmob (+/-)	0	0	0
f. Resultados por baixas e alleamentos de insts finacs (+/-)	0	0	0
g. Ingresos financeiros (-)	-74	-70	-82
h. Gastos financeiros (+)	114	164	341
i. Diferencias de cambio (+/-)	0	0	0
j. Variación do valor razoable en insts fins(+/-)	0	0	0
k. Outros ingresos e gastos (-/+)	0	0	0
3. Trocos no capital corrente	0	1.694	3.249
a. Existencias (+/-)		46	-40
b. Debedores e outras contas a cobrar (+/-)		590	242
c. Outros activos correntes (+/-)		-3	13
d. Acredores e outras contas a pagar (+/-)		1.041	505
e. Outros pasivos correntes (+/-)		20	2.529
f. Outros activos e pasivos non correntes (+/-)			
4. Outros fluxos de efectivo das actividades de explotación.	-322	-94	-259
a. Pagos de intereses (-)	-114	-164	-341
b. Cobros de dividendos (+)	0	0	0
c. Cobros de intereses (+)	74	70	82
d. Cobros/pagos por imposto sobre beneficios (+/-)	-282	0	0
e. Outros pagos/cobros (-/+)			
5. Fluxos de efectivo en actividades de explotación (1+2+3+4)	1.485	3.398	5.283
B) FLUXOS DE EFECTIVO DAS ACTIVIDADES DE INVESTIMENTO			
6. Pagos por investimentos (-)	-2.013	-3.447	-5.538
a. Empresas do grupo e asociadas			
b. Inmovilizado intanxible			
c. Inmovilizado material	-2.013	-3.417	-5.538
d. Investimentos inmobiliarios			
e. Outros activos financeiros		-30	
f. Activos non correntes mantidos para a venda			
g. Outros activos			
7. Cobros por desinversións (+)	0	0	0
a. Empresas do grupo e asociadas			
b. Inmovilizado intanxible			
c. Inmovilizado material			
d. Investimentos inmobiliarios			
e. Outros activos financeiros			
f. Activos non correntes mantidos para a venda			
g. Outros activos			
8. Fluxos de efectivo das actividades de investimentos (7-6)	-2.013	-3.447	-5.538
C) FLUXOS DE EFECTIVO DAS ACTIVIDADES DE FINANCIACIÓN			
9. Cobros e pagos por instrumentos de patrimonio	0	0	0
a. Emisión de instrumentos de patrimonio (+)			
b. Amortización de instrumentos de patrimonio (-)			
c. Adquisición de instrumentos de patrimonio propio (-)			
d. Alleamento de instrumentos de patrimonio propio (+)			
e. Subvencións, doacións e legados recibidos (+)			
10. cobros y pagos por instrumentos de pasivo financeiro	0	0	0
a. Emisión	0	0	0
1. Obrigas e outros valores negociables (+)			
2. Débedas con entidades de crédito (+)			
3. Débedas con empresas do grupo e asociadas (+)			
4. Outras débedas (+)			
b. Devolución e amortización de:	0	0	0
1. Obrigas e outros valores negociables (-)			
2. Débedas con entidades de crédito (-)			
3. Débedas con empresas do grupo e asociadas (-)			
4. Outras débedas (-)			
11. Pagos por dividendos e remuneracións de outros instrumentos de patrimonio	0	0	0
a. Dividendos (-)			
b. Remuneracións de outros instrumentos de patrimonio (-)			
12. Fluxos de efectivo das actividades de financiación (9+10+11)	0	0	0
D) EFECTOS DAS VARIACIÓNS DOS TIPOS DE CAMBIO			
E) AUMENTO/DISMINUCIÓN NETA DO EFECTIVO OU EQUIVALENTES (5+8+12-D)			
	-528	-49	-255
EFECTIVO OU EQUIVALENTES A COMENZOS DE EXERCICIO			
	862	334	285
EFECTIVO OU EQUIVALENTES A FINAIS			
	334	285	30

ORZAMENTOS XERAIS DA XUNTA DE GALICIA 2009.

GALARIA EMPRESA PÚBLICA DE SERVIZOS SANITARIOS,S.A.

Plan Xeral de Contabilidade RD 1514/2007	BALANCE " ACTIVO "	(En miles de euros sen decimais)		
		REAL	ESTIMADO	ORZAMENTO
		2007	2008	2009
	A) ACTIVO NON CORRENTE	13.625	16.452	19.407
	I. Inmobiliado intanxible	43	59	62
201,(2801),(2901)	1. Desenvolvemento			
202,(2801),(2902)	2. Concesións			
203,(2803),(2903)	3. Patentes, licencias, marcas e similares.	0		
204	4. Fondo de comercio.			
206,(2806),(2906)	5. Aplicacións informáticas	43	59	62
205,209,(2805),(2905)	6. Outro inmobiliado intanxible			
	II. Inmobiliado material	13.471	16.252	19.204
210,211,(2811),(2910),(2911)	1. Terreos e construcións			
212 a 219,(2812 a 2816)	2. Instalacións técnicas, e outro inmobiliado material	13.408	16.252	19.204
(2817 a 2819),(2912 a 2919),23	3. Inmobiliado en curso e anticipos	63		0
	III. Investimentos inmobiliarios	0	0	0
220,(2920)	1. Terreos			
221,(282),(2921)	2. Construcións			
	IV. Investimentos en empresas do grupo e asociadas a longo prazo	99	129	129
2403,2404,(2493),(2494),(293)	1. Instrumentos de patrimonio	99	129	129
2423,2424,(2953),(2954)	2. Créditos a empresas			
2413,2414,(2943),(2944)	3. Valores representativos de débeda			
	4. Derivados			
	5. Outros activos financeiros			
	V. Investimentos financeiros a longo prazo	12	12	12
2405,(2495),250,(259)	1. Instrumentos de patrimonio			
2425,252 a 254,(2955),(298)	2. Créditos a terceiros			
2415,251,(2945),(297)	3. Valores representativos de débeda			
255	4. Derivados			
258,26	5. Outros activos financeiros	12	12	12
474	VI. Activos por imposto diferido			
	B) ACTIVO CORRENTE	5.982	5.125	4.830
580 a 584, (599)	I. Activos non correntes mantidos para a venda			
	II. Existencias	256	210	250
30,(390)	1. Comerciais			
31,32,(391),(392)	2. Materias primas e outros aprovisionamentos	256	210	250
33,34,(393),(394)	3. Productos en curso			
35,(395)	4. Productos terminados			
36,(396)	5. Subproductos, residuos e materias recuperados			
407	6. Anticipos a provedores			
	III. Deudores comerciais e outras contas a cobrar	5.319	4.729	4.487
430 a 432,435,436,(437),(490),(4935)	1. Clientes por vendas e prestacións de servizos	4.238	3.938	3.938
433,434,(4933),(4934)	2. Clientes, empresas do grupo e asociadas			
44,5531,5533	3. Debedores varios	29	19	19
460,544	4. Persoal	64	34	10
4709	5. Activos por imposto corrente			
4700,4708,471,472	6. Outros créditos coas Administracións Públicas	988	738	520
5580	7. Accionistas (socios) por desembolsos esixidos			
	IV. Inverstimentos en empresas do grupo e asociadas a curto prazo	0	0	0
5303,5304,(5393),(5394),(593)	1. Instrumentos de patrimonio			
5323,5324,5343,5344,(5953),(5954)	2. Créditos a empresas			
5313,5314,5333,5334,(5943),(5944)	3. Valores representativos de débeda			
	4. Derivados			
5353,5354,5523,5524	5. Outros activos financeiros			
	V. Investimentos financeiros a curto prazo	1	1	1
5305,540,(5395),(549)	1. Instrumentos de patrimonio			
5325,5345,542,543,547,(5955),(598)	2. Créditos a empresas			
5315,5335,541,546,(5945),(597)	3. Valores representativos de débeda			
5590,5593	4. Derivados			
5355,545,548,551,5525,565,566	5. Outros activos financeiros	1	1	1
480,567	VI. Periodificacións a curto prazo	72	75	62
	VII. Efectivo e outros líquidos equivalentes	334	110	30
570 a 575	1. Tesourería	334	110	30
576	2. Outros activos líquidos equivalentes			
	TOTAL ACTIVO (A+B)	19.607	21.577	24.237

ORZAMENTOS XERAIS DA XUNTA DE GALICIA 2009.

GALARIA EMPRESA PÚBLICA DE SERVIZOS SANITARIOS,S.A.

Plan Xeral de Contabilidade RD 1514/2007	BALANCE " PATRIMONIO NETO E PASIVO "	(En miles de euros sen decimais)		
		REAL	ESTIMADO	ORZAMENTO
		2007	2008	2009
	A) PATRIMONIO NETO	4.304	4.968	4.834
	A.1) Fondos propios	3.915	3.915	3.915
	I. Capital	2.103	2.103	2.103
100 a 102 (1030),(1040) 110	1. Capital escriturado	2.103	2.103	2.103
	2. (Capital non esixido)			
	II. Prima de emisión			
	III. Reservas	1.272	1.812	1.812
112,1141	1. Legal e estatutarias	421	421	421
113,1140,1142 a 1144,115,119 (108),(109)	2. Outras reservas	851	1.391	1.391
	IV. (Accións e participacións no patrimonio propias)			
	V. Resultados de exercicios anteriores	0	0	0
120 (121)	1. Remanente			
118	2. (Resultados negativos de exercicios anteriores)			
129 (557)	VI. Outras aportacións de socios			
111	VII. Resultado do exercicio	540	0	0
	VIII. (Dividendo a conta)			
	IX. Outros instrumentos do patrimonio neto			
	A.2) Axustes por cambios de valor	0	0	0
133	I. Activos financeiros disponibles para a venda			
1340	II. Operacións de cobertura			
137	III. Outros			
130 a 132	A.3) Subvencións, doacións e legados recibidos	389	1.053	919
	B) PASIVO NON CORRENTE	6.911	7.156	6.916
	I. Provisións a longo prazo	135	180	190
140	1. Obrigas por prestacións a longo prazo ó persoal			
145	2. Actuacións medioambientais			
146	3. Provisións por reestructuración			
141 a 143,147	4. Outras provisións	135	180	190
	II. Débedas a longo prazo	6.776	6.976	6.726
177 a 179 1605,170 1625,174 176 1615,1635,171 a 173,175,180,185,189 1603,1604,1613,1314,1623,1624,1633,1634 479 181	1. Obrigas e outros valores negociables			
	2. Débedas con entidades de crédito			
	3. Acredores por arrendamento financeiro	6.776	6.976	6.726
	4. Derivados			
	5. Outros pasivos financeiros			
	III. Débedas con empresas do grupo e asociadas a longo prazo			
	IV. Pasivos por imposto diferido			
	V. Periodificacións a longo prazo			
	C) PASIVO CORRENTE	8.392	9.453	12.487
585 a 589	I. Pasivos vinculados con activos non correntes mantidos para a venda.			
499, 529	II. Provisións a curto prazo			
	III. Débedas a curto prazo	1.853	1.873	4.402
500,501,505,506 5105,520,527 5125,524 5595,5598 (1034)(1044),(190),(192),194,509,5115,5135,514 521a523,525,526,528,551,5525,5530,5532, 555,5565,5566,560,561,569 5103,5104,5113,5114,5123,5124,5133,5134,514 5144,5523,5524,5563,5564	1. Obrigas e outros valores negociables			
	2. Débedas con entidades de crédito			
	3. Acredores por arrendamento financeiro	1.073	1.123	1.378
	4. Derivados			0
	5. Outros pasivos financeiros	780	750	3.024
	IV. Débedas con empresas do grupo e asociadas a curto prazo			
	V. Acredores comerciais e outras contas a pagar	6.539	7.580	8.085
400,401,405,(406) 403,404 41 465,466 4752 4750,4751,4758,476,477 438 485,568	1. Provedores	5.395	6.450	6.900
	2. Provedores, empresas do grupo e asociadas			
	3. Acredores varios			
	4. Persoal (remuneracións pendentes de pago)	326	430	460
	5. Pasivos por imposto corrente	253	10	35
	6. Outras débedas coas Administracións Públicas	565	690	690
	7. Anticipos clientes			
	VI. Periodificacións a curto prazo			
	TOTAL PATRIMONIO NETO E PASIVO (A+B+C)	19.607	21.577	24.237

Sociedade Galega do Medio Ambiente, SOGAMA, S.A.

MEMORÍA DO ORZAMENTO 2009

1- PREMISAS E LIÑAS PRINCIPAIS DA FORMULACIÓN ESTRATÉXICA

Durante o ano 2009 está prevista a entrada en operación comercial da nova Planta de Selección de Envases Lixeiros automática, cuxa inversión iniciouse no exercicio 2008, así como a finalización da nova Planta de Pretratamento do residuo urbano que é tratado no vertedoiro de Areosa e que permitirá a reciclaxe de materiais férricos e aluminio procedentes de dito residuo.

Por outra parte, seguirase avanzando na mellora integral do ciclo de tratamento que se realiza nas instalacións do Complexo Medioambiental que a Sociedade Galega do Medio Ambiente posúe en Cerceda.

MEMORÍA DO ORZAMENTO 2009

2.- OBXECTIVOS OPERATIVOS

Durante o ano 2009 está previsto o tratamento, nas instalacións do Complexo Medioambiental de Cerceda da Sociedade Galega do Medio Ambiente, de 927.768 tm de residuo urbano e a xeración de 420.982 MWh de electricidade a través da valorización enerxética do mesmo.

Por outra parte, coa entrada prevista en operación da nova Planta de Selección de Envases Lixeiros automática, esperase tratar nas instalacións 19.200 Tm de bolsa amarela e incrementar os ratios de recuperación, con respecto aos anos anteriores nun 33%.

Así mesmo, no primeiro trimestre do exercicio 2009 rematarase a construción da nova Planta de Pretratamento do residuo que é tratado no Vertedoiro de Areosa, o que permitirá a recuperación dunhas 5100 Tm adicionais de materiais Férricos e Aluminio.

Todo isto, permitirá obter uns resultados operativos, despois de tributos, de 4.494.904 €-

MEMORÍA DO ORZAMENTO 2009

3.- ACTUACIÓNS

En perfecta coordinación coas directrices da Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible da Xunta de Galicia, a entidade porá os medios necesarios para prestar o mellor servizo público aos concellos, apostando, no novo marco da estratexia comunitaria de residuos, pola prevención e reciclado, colaborando en proxectos de enerxías renovables, incorporando a competitividade e a innovación tecnolóxica ao seu sistema de xestión, promovendo a industria do reciclaxe en Galicia e fortalecendo os programas de educación, concienciación e sensibilización social en torno ao medio ambiente.

En definitiva, contribuír ao desenvolvemento sostible mediante a integración, harmoniosa e equilibrada, do desenvolvemento económico, social e medioambiental. Pois ben, neste contexto a entidade asumiu xa unha serie de proxectos orientados cara campos tales como:

- Fomento da autocompostaxe ou compostaxe doméstica no medio rural de Galicia a fin de completar o ciclo de reciclaxe da materia orgánica, reducindo ao mesmo tempo o impacto ambiental e o custe económico ocasionado polo transporte e a xestión destes residuos.

MEMORÍA DO ORZAMENTO 2009

- Firme aposta polo I+D+i, promovendo e participando en proxectos de innovación tecnolóxica ambiental cos que pretende sumarse ao progreso tecnolóxico e á Sociedade do coñecemento e da información xerando riqueza, emprego de calidade e benestar.
- Incorporación ao ámbito das enerxías renovables (solar, eólica, xeotérmica,...), liderando e participando en proxectos estratéxicos para Galicia cos que pretende contribuír a alcanzar os obxectivos recollidos na actual política enerxética da Unión Europea e no Plan Nacional de Enerxías Renovables (2005-2010).
- Fomento do transporte sostible para os RU, apostando polo ferrocarril, un medio máis eficiente, fiable e respectuoso co medio ambiente.
- Cooperación internacional na xestión ambiental, ofrecendo intercambio de experiencias con outros países, tanto no ámbito tecnolóxico como no loxístico.
- Promoción, na área social e de recursos humanos, da igualdade de oportunidades no seu centro de traballo, apostando, así mesmo, pola inserción laboral e profesionalización das mozas/os universitarias/os.

MEMORÍA DO ORZAMENTO 2009

4.- PROGRAMA DE INVESTIMENTOS

O orzamento de investimentos para o ano 2009 elaborouse ca fin de acometer os investimentos máis importantes que permitan cubrir as necesidades das instalacións.

En función destas necesidades, de distinta índole, resúmense a continuación as actuacións que se propón realizar.

- Investimentos de substitución, renovación e seguridade.

Inclúense neste apartado os investimentos destinados a reformas e substitucións de equipos do Complexo Medioambiental de Cerceda que permitirán a continuidade do proxecto. Tamén se incluíron as actuacións que é imprescindible acometer no campo da seguridade de persoas e instalacións como consecuencia de novas esixencias na materia.

O importe orzamentado, de 370.000 €, acomodase ao límite permitido no contrato de financiamento Senior do Proxecto, fixado polas entidades financeiras en 600.000.-€/ano.

- Investimentos para a mellora de resultados.

Neste capítulo orzamentáronse aquelas actuacións que, ben pola vía da mellora da dispoñibilidade, ben pola diminución de gastos, permitirán mellorar o funcionamento e, polo tanto, os resultados da Sociedade. O investimento estimado por este concepto é de 992.500 €

MEMORÍA DO ORZAMENTO 2009

- Investimentos para a ampliación.

Durante 2009 será necesario acometer a ampliación de diversas instalacións principalmente por cuestións operativas de mellora de rendemento e apertura de novas liñas de negocio.

Previuse a entrada en funcionamento, no primeiro trimestre do ano 2009, da Planta de Pretratamento do vertedoiro de Areosa que, permitirá a recuperación de materiais férricos e aluminio, cunha inversión total estimada de 2,5 Millóns de Euros.

MEMORÍA DO ORZAMENTO 2009

5.- FINANCIAMENTO

Os investimentos dos epígrafes anteriores financiaranse coa tesouraría xerada pola Sociedade cumprindo os requisitos mínimos do ratio de cobertura ao servizo da débeda do Contrato de Financiamento Senior, sempre que se obteña un índice de cobro anual aos Concellos no entorno do 100% da facturación.

MEMORÍA DO ORZAMENTO 2009

6.- CONDICIONANTES E OUTROS FACTORES DE INCIDENCIA NO DESENVOLVEMENTO DO PROGRAMA

Sogama é unha empresa pública, participada nun 51% pola Xunta de Galicia e nun 49% por Unión Eléctrica FENOSA, que se crea no ano 1992 co obxectivo de levar a cabo a loxística e tratamento dos residuos urbanos de aqueles Concellos galegos que voluntariamente decidan adherirse ao seu sistema de xestión. A día de hoxe a Sociedade presta o seu servizo a un total de 284 municipios (80% do total de RU producidos en Galicia), representando unha poboación atendida de aproximadamente 2.285.000 habitantes. Para levar a cabo a súa actividade industrial, a entidade conta cunha infraestrutura formada por unha rede de 20 plantas de transferencia que, distribuídas polo conxunto do territorio galego, encárganse de transvasar los residuos procedentes da recollida domiciliaria a contedores de maior capacidade, aptos para ser transportados, por tren ou estrada, ata o Complexo Medioambiental de Cerceda. Neste, os residuos reciben un tratamento conforme as súas características, seleccionando a parte susceptible de ser reciclada e valorizando enerxeticamente a fracción non reciclable.

De cara ao exercicio do 2009, ademais de consolidar a reorientación de Sogama, formúlase a centralización dos seus servizos en Santiago de Compostela, cidade na que se atopa concentrado o núcleo e soporte da Administración Autonómica, e dende onde poderá levar a cabo unha mellor xestión empresarial, pasando a ser a planta de Cerceda un elemento máis da súa actividade.

MEMORÍA DO ORZAMENTO 2009

O orzamento de gastos realizouse en base ás necesidades de subministracións, transporte, operación e mantemento das instalacións para os réximes de funcionamento descritos e en base ás cantidades de residuos e enerxía que se prevé xestionar no ano 2009. Descríbense, a continuación, os aspectos fundamentais de cada un dos capítulos.

6.1.- Gastos de persoal

O orzamento de gastos de persoal de Sogama desenvolveuse para o ano 2009, en base aos custes do cadro de persoal que xorden do actual organigrama e tendo en conta un incremento salarial do 0,0% para o persoal de alta dirección e un incremento medio do 2,00% para o resto do cadro de persoal e dos custes de Seguridade Social.

O orzamento de gastos para o ano 2009 por este concepto ascende a 1.496.237 €.

6.2. Servizos exteriores

O orzamento de servizos exteriores aumenta nun 18,55% con respecto ao orzamento do 2008 polas causas que se detallan a continuación.

Por un lado, prodúcense incrementos nas partidas de gasto proporcionais á evolución dos principais parámetros de explotación como son a variación do IPC previsto (4,00%).

Adicionalmente, e dende a publicación do RD 661/2007 é posible vender a totalidade da enerxía producida pola Coxeneración e posteriormente comprar a un comercializador, a un prezo menor, a enerxía necesaria para os autoconsumos. No orzamento de gastos do exercicio 2009 incluíuse no apartado de gastos a contía correspondente á compra de enerxía necesaria

MEMORÍA DO ORZAMENTO 2009

para os autoconsumos que ten a súa contrapartida no apartado correspondente de ingresos por venda de enerxía desta planta, de tal forma que o saldo da mesma é positivo para a Sociedade. E por isto que este apartado –gastos por compra de enerxía- incrementase en 3.964.830 € respecto ao orzamento do exercicio anterior.

Por outro, a partida correspondente á xestión do vertedoiro sofre un importante incremento (2.526.582 €, 31%) debido á incorporación do rexeitamento procedente da Planta de residuos de Nostián (A Coruña), que provocará un maior número de Tm a xestionar no vertedoiro de Areosa.

Adicionalmente, neste mesmo capítulo de gasto asociado ao vertedoiro, a posta en marcha da Planta de Pretratamento supón un sobrecoste asociado á mesma que, para o exercicio 2009, estimouse en 2.459.669 €

Outras partidas de gasto relevantes no exercicio 2009 son as seguintes:

- O transporte, o incremento do prezo do gasóleo e das toneladas de RU xestionadas, eleva o orzamento desta partida en 2.054.619 € (+16,4%).
- No caso dos combustibles (gas para a Planta de Coxeneración, principalmente) tívose en conta o escenario internacional actual cuns prezos do barril de petróleo medios para o ano 2009 de 115,00 \$ e un tipo de cambio \$/€ de 1,56.
- Como xa se indicou anteriormente no apartado de ingresos, aparece no ano 2009 un gasto asociado á liña de recuperación de vidro. A estimación do mesmo para o exercicio 2009 por este concepto ascende a 371.771 €.

MEMORÍA DO ORZAMENTO 2009

- Así mesmo, no ano 2009 o gasto correspondente ao contrato de xestión da Planta de biogás ascende a un total de 632.011 €.

6.3. Subvencións concedidas pola empresa

A empresa non ten orzamentado outorgar ningunha subvención durante o ano 2009.

6.4.- Subvencións á explotación

A empresa non ten orzamentado recibir subvencións de explotación durante o ano 2009.

6.5.- Adquisicións de inmovilizado financeiro

Non se orzamentou para o ano 2009 a adquisición de inmovilizado financeiro.

6.6.- Achegas de capital

Non se orzamentaron para o ano 2009 achegas adicionais de capital por parte dos accionistas da Sociedade.

6.7.- Subvencións de capital

A empresa non ten orzamentado recibir subvencións de capital durante o ano 2009.

Recoñécese dentro do epígrafe de ingresos Imputación de subvencións do inmovilizado non financeiro a periodificación das subvencións de capital obtidas para a construción do Complexo (Fondo de Cohesión da UE), para a construción da Planta de Tratamento de Residuos Animais (Xunta de Galicia) e para a implantación de medidas ambientais da Planta de Transferencia de Vigo (Concello).

MEMORÍA DO ORZAMENTO 2009

Estímase un importe total sen ter en conta o efecto impositivo de 3.046.740 € para o ano 2009.

6.8.- Financiamento alleo a longo prazo

Non se orzamentou para o ano 2009 a formalización de novo endebedamento alleo a longo prazo.

6.9- Distribución de resultados

Como Sociedade mercantil acollida ao art. 12.1.1 do TRLFO informase da distribución de resultados que se considerou para os anos 2008 e 2009, de acordo co esquema facilitado.

CONCEPTO	Exercicio anterior ao Orzamentado (Ano 08)	Exercicio Orzamentado (Ano 09) €
Base de reparto:		
Resultados, neto de exercicio	3.677.542	4.494.904
Remanente de exercicios anteriores		
Outros conceptos		
Total	3.677.542	4.494.904
Distribución:		
Reserva legal	367.754	449.490
Reervas especiais		
Reservas voluntarias	432.741	449.490
Remanente conta nova		
Compensación de resultados negativos de exercicios anteriores		
Dividendos	2.877.047	3.595.923
Outros conceptos		
Total	3.677.542	4.494.904

MEMORÍA DO ORZAMENTO 2009

O reparto de dividendos establécese de conformidade ca porcentaxe do capital social da empresa :

Accionista	% Capital social
Xunta de Galicia	51%
Unión Fenosa Generación,S.L.	49%
Total	100%

6.10.- Remanente de tesouraría

Este apartado non aplica.

ORZAMENTOS XERAIS DA XUNTA DE GALICIA 2009.
ORZAMENTO DE EXPLOTACION

SOCIEDADE GALEGA DO MEDIO AMBIENTE, S.A.

Plan Xeral de Contabilidade RD 1514/2007	CONTA DE PERDAS E GANANCIAS	(En miles de euros sen decimais)		
		REAL	ESTIMADO	
		2007	2008	2009
	A) OPERACIONES CONTINUADAS			
	1. Importe neto da cifra de negocios	80.960	91.527	100.497
700 a 704 (706),(707),(708)	a) Ventas	29.535	36.455	43.257
705	b) Prestacións de servizos	51.424	55.072	57.241
(6930),71,7930	2.Variación de existencias de pto terminados e en curso de fabricac.	0	0	0
73	3. Traballos realizados pola empresa para o seu activo.	0	0	0
	4. Aprovisionamentos	-854	-2.508	-6.612
(600),6060,6080,6090,610	Consumo de mercaderías	-854	-2.508	-6.612
(601),(602),6061,6062,6081,6082,6091,6092,611,612	Consumo de materias primas e outras materias consumibles	0	0	0
(607)	Traballos realizados por outras empresas	0	0	0
(6931),(6932),(6933),7931,7932,7933	Deterioro de mercaderías, materias primas e outros aprovisionamentos	0	0	0
	5. Outros ingresos de explotación	1.584	1.874	2.365
75	Ingresos accesorios e outros de xestión corrente	1.584	1.874	2.365
740,747	Subvencións de explotación incorporadas ó resultado exercicio	0	0	0
	6. Gastos de persoal	-1.371	-1.501	-1.496
(640),(641),(6450)	Soldos, salarios e asimilados	-1.116	-1.258	-1.231
(642),(643),(649)	Cargas sociais	-256	-243	-265
(644),(6457),7950,7957	Provisións	0	0	0
	7. Outros gastos de explotación	-65.637	-71.175	-75.808
(62)	Servicios exteriores	-63.527	-68.882	-73.506
(631),(634),636,639	Tributos	-1.509	-1.692	-1.700
(650),(694),(695),794,7954	Perdas, deterioros e variacións de provisións por operacións comerciais	-601	-601	-601
(651),(659)	Outros gastos de xestión corrente	0	0	0
(68)	8. Amortización do inmovilizado	-10.437	-10.194	-10.241
746	9. Imputación de subvencións do inmovilizado non financeiro e outras.	3.306	3.020	3.047
7951,7952,7955,7956	10. Excesos de provisións	0	0	0
(690),(691),(692),790,791,792	11. Deterioro e resultado por alleamentos de inmovilizado.	0	0	0
(670),(671),(672),770,771,772	a) Deterioros e perdas	0	0	0
	b) Resultado por alleamentos e outras	0	0	0
	A.1) RESULTADO DE EXPLOTACIÓN (1+2+3+4+5+6+7+8+9+10+11)	7.551	11.044	11.752
	12. Ingresos financeiros	1.640	1.537,00000	1.500
